

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

3824 *Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

I

A pandemia do COVID-19 está supondo unha emerxencia sanitaria a nivel global. Tal e como declarou a Organización Mundial da Saúde o pasado 11 de marzo, o abrocho de COVID-19 converteuse na última semana nunha pandemia. Inicialmente localizado na rexión chinesa de Hubei, nas últimas semanas o abrocho de COVID-19 propagouse rapidamente por todo o mundo.

A crise sanitaria estase transmitindo á economía e á sociedade a unha velocidade inusitada e afecta tanto a actividade produtiva como a demanda e o benestar dos cidadáns. A economía estase vendo afectada por diversas canles, atendendo á evolución temporal e xeográfica do abrocho de COVID-19, e pódense distinguir algúns factores:

En primeiro lugar, unha afección inicial concentrada na China, con impacto sobre as cadeas de valor global, procedente da redución de cadros de persoal e da capacidade de produción nun dos principais centros lóxicos de carácter internacional, localizado na provincia de Hubei, na China.

A extensión a outros países acentuou as dificultades nas cadeas de subministracións e afectou tamén a demanda de exportacións, especialmente no sector turístico, así como as decisións de investimento dos axentes nun contorno de elevada incerteza.

Máis aló da caída de demanda externa, as medidas de contención teñen un impacto directo sobre a demanda e a actividade económica doméstica. O peche dos colexios, a suspensión de actos públicos e a prohibición de voos ou doutros transportes teñen un impacto directo sobre a demanda, de novo principalmente no sector de turismo e servizos conexos, transporte, educación e cultura.

O necesario reforzo nas medidas de contención produce a disrupción temporal e xeneralizada da actividade económica, acentuada nun contexto de alta volatilidade dos mercados financeiros. Ante a situación de emerxencia de saúde pública e pandemia internacional, o Goberno adoptou o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. A contención da progresión da enfermidade supón limitacións temporais á libre circulación xunto coa redución da oferta laboral debido ás medidas de corentena e contención. Estas circunstancias tradúcense nunha perturbación conxunta de demanda e oferta para a economía española, que afectará as vendas das empresas ao xerar tensións de liquidez que poderían derivar en problemas de solvencia e perda de empregos se non se adoptan medidas urxentes de estabilización.

Neste contexto, a prioridade absoluta en materia económica radica en protexer e dar soporte ao tecido produtivo e social para minimizar o impacto e lograr que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza o antes posible unha recuperación na actividade. A pandemia do COVID-19 suporá inevitablemente un impacto negativo na economía española cuxa cuantificación está aínda sometida a un elevado nivel de incerteza. Nestas circunstancias, a prioridade consiste en minimizar o impacto social e facilitar que a actividade se recupere tan pronto como a situación sanitaria mellore. O obxectivo é que estes efectos negativos sexan transitorios e evitar, en última instancia, que se produza un impacto máis permanente ou estrutural debido a un círculo vicioso de caídas de demanda e produción como as de 2008-2009, cunha saída masiva de traballadores ao desemprego e un axuste particularmente agudo para os traballadores temporais e os autónomos.

De acordo co sinalado pola Comisión Europea na súa Comunicación do 13 de marzo, a resposta a este desafío conxunto debe ser coordinada, co apoio das institucións e do

orçamento comunitario ás medidas nacionais. A pandemia do COVID-19 ten unha dimensión paneuropea pois a súa resolución ten externalidades positivas para todos os Estados membros. En efecto, a contención do abrocho e das súas consecuencias económicas permite evitar a súa extensión aos países veciños. O impacto final que a crise sanitaria teña para a economía europea dependerá da coordinación das autoridades nacionais e comunitarias. Estas últimas poden e deben apoiar os esforzos individuais mediante a flexibilización da súa normativa fiscal, a mutualización dos custos transitorios e a mobilización de recursos comunitarios.

En particular, a situación xerada pola evolución do COVID-19 supuxo a necesidade de adoptar medidas de contención extraordinarias por parte das autoridades de saúde pública, dentro do actual escenario de contención reforzada, coordinadas no marco do Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde. Estas medidas, xunto coas adoptadas por outros países, están tendo un impacto económico, que se proxecta en particular sobre determinadas empresas e sectores da economía española, así como sobre os cidadáns das zonas afectadas.

Este real decreto lei de medidas urxentes dá resposta ás circunstancias económicas excepcionais sinaladas ao sumarse ás medidas adoptadas no ámbito comunitario e completar as tomadas polo Goberno nas últimas semanas.

O pasado 10 de marzo, o Goberno adoptou un real decreto lei para dispor que a situación das persoas forzadas a permanecer no seu domicilio por razóns sanitarias terá consideración de incapacidade temporal por accidente laboral. Ademais, o 12 de marzo adoptouse outro real decreto lei con medidas urxentes de reforzo do sistema sanitario, apoio a familias e a empresas directamente afectadas, que mobiliza recursos por importe de máis de 18.000 millóns de euros, incluíndo un reforzo do sector sanitario de aproximadamente 3.800 millóns de euros e medidas de liquidez e redución de custos das empresas, especialmente pequenas e medianas empresas e autónomos e no sector turístico. Así mesmo, reforzouse a capacidade da Administración de reaccionar ante situacións extraordinarias, axilizando o procedemento para a contratación de todo tipo de bens e servizos que sexan necesarios.

A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriu a adopción do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, incluíndo limitacións á liberdade de circulación, requisas temporais e prestacións persoais obrigatorias e medidas de contención no ámbito educativo, laboral, comercial, recreativo ou en lugares de culto.

Tamén se adoptan certas medidas dirixidas a reforzar o Sistema nacional de saúde en todo o territorio nacional, ao aseguramento da subministración de bens e servizos necesarios para a protección da saúde pública, o abastecemento alimentario, a subministración de enerxía eléctrica, produtos derivados do petróleo e gas natural e certas medidas tamén en materia de transportes. Por último, acórdase a suspensión de prazos procesuais e administrativos.

No contexto actual, este real decreto lei amplía as medidas xa tomadas cun paquete económico e social de grande alcance e magnitude, co obxectivo de contribuír a evitar un impacto económico prolongado máis alá da crise sanitaria, dando prioridade á protección das familias, autónomos e empresas máis directamente afectadas.

En concreto, as medidas adoptadas neste real decreto lei están orientadas a un triplo obxectivo. Primeiro, reforzar a protección dos traballadores, das familias e dos colectivos vulnerables; segundo, apoiar a continuidade na actividade produtiva e o mantemento do emprego; e terceiro, reforzar a loita contra a enfermidade.

En efecto, máis alá das medidas específicas de apoio aos cidadáns e familias afectados pola presente situación excepcional, cómpre adoptar medidas que proporcionen a necesaria flexibilidade para o axuste temporal das empresas co fin de favorecer o mantemento do emprego e reforzar a protección dos traballadores directamente afectados.

Nas próximas semanas moitas empresas van enfrontarse a importantes tensións de liquidez derivadas dunha caída das súas vendas, procedentes tanto dunha menor demanda como da interrupción da produción, por exemplo, por falta de subministracións ou por rescisión de determinados contratos. Faise, polo tanto, indispensable adoptar determinadas

medidas para reforzar a liquidez do tecido produtivo e evitar a saída do mercado de empresas solventes afectadas negativamente por esta situación transitoria e excepcional.

De tal forma, este real decreto lei estrutúrase en 5 capítulos, 43 artigos, 9 disposicións adicionais, 3 disposicións transitorias, 10 disposicións derradeiras e 1 anexo.

II

O capítulo I articula unha serie de medidas de apoio a traballadores, familias e colectivos vulnerables, que se ven particularmente afectados polas circunstancias actuais e, por iso, merecen unha atención destacada neste real decreto lei. Así, adoptáanse medidas para garantir a asistencia a domicilio das persoas dependentes, para ampliar a protección no ámbito enerxético e de subministración de auga, así como na prestación dos servizos de telecomunicacións. Tamén se reforza a protección dos traballadores autónomos e se dispón unha moratoria no pagamento das cotas hipotecarias dos colectivos particularmente vulnerables.

En primeiro lugar, refórzase en 300 millóns de euros o orzamento do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 para financiar un fondo social extraordinario para facer fronte ás consecuencias sociais do COVID-19, mediante transferencias ás autoridades competentes das comunidades autónomas, Ceuta e Melilla, para financiar as prestacións básicas dos correspondentes servizos sociais.

O real decreto lei establece, en segundo lugar, que as corporacións locais dispoñen dunha cantidade de igual contía do superávit do exercicio 2019 para financiar as axudas económicas e todas as prestacións de servizos xestionadas polos servizos sociais de atención primaria e atención á dependencia que veñen recollidas no Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, do 16 de xaneiro de 2013, que recolle o Catálogo de referencia de servizos sociais.

En terceiro lugar, amplíase a cobertura de colectivos vulnerables no ámbito da subministración de servizos públicos esenciais, en particular no ámbito da auga, do gas natural e da electricidade, e conxélanse os prezos correspondentes aos gases licuados do petróleo. O servizo de subministración domiciliar de auga potable para consumo humano é un servizo esencial que debe quedar garantido, especialmente, nas actuais circunstancias. Con este fin, imposibilitáase o corte da subministración de auga por incumprimento de contrato aos consumidores que teñan a condición de vulnerables, entendendo por tales os que teñen esa condición conforme a normativa en materia do sector eléctrico. Esta medida aplícase igualmente aos consumidores de gas natural.

Así mesmo, nestas circunstancias, as subministracións enerxéticas adquiren, se cabe, unha natureza aínda máis esencial, especialmente para os consumidores máis vulnerables.

Por iso, para evitar que os beneficiarios do bono social eléctrico deixen de percibir os descontos e beneficios previstos na normativa, no caso de que esgoten o prazo de vixencia de dous anos previsto na normativa vixente, prorrogárase de forma automática o dito prazo de vixencia ata o 15 de setembro de 2020. Ademais, suspéndese a revisión para os seguintes tres bimestres dos prezos máximos de venda ao público, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados, para evitar a alza do seu prezo.

En cuarto lugar, co fin de executar as medidas de contención previstas pola normativa aplicable, garantindo ao mesmo tempo a continuidade da actividade empresarial e as relacións laborais, priorizaranse os sistemas de organización que permitan manter a actividade a través de mecanismos alternativos, particularmente por medio do traballo a distancia, e deberanse facilitar as medidas oportunas para facelo posible. Para iso, facilítanse os trámites previstos pola normativa aplicable e porase en marcha un programa de financiamento do material correspondente mediante a activación de axudas e créditos para pemes dentro do programa Acelera peme da empresa pública Red.es.

As recomendacións das autoridades sanitarias dirixidas a reducir a expansión do COVID-19 puxeron de manifesto os beneficios da modalidade do traballo non presencial, naqueles postos en que resulta posible, pola súa capacidade potencial de reducir a probabilidade de exposición e contaxio por COVID-19.

Grazas ás ferramentas informáticas e dixitais, pódense realizar as tarefas laborais diarias desde dispositivos conectados á internet, incluídas reunións en liña, chamadas «virtuais» vía voz, videoconferencias ou envío de documentos internos.

Para as empresas e postos nos cales a modalidade do traballo non presencial non estaba en funcionamento con anterioridade, a urxencia da actual situación de excepcionalidade exige unha relaxación destas obrigacións, con carácter temporal e exclusivamente para os efectos de responder ás necesidades sanitarias de contención actualmente vixentes.

Así mesmo, en quinto lugar, establécense medidas para favorecer a conciliación laboral, mediante o dereito dos traballadores por conta allea que acrediten deberes de coidado a persoas dependentes polas circunstancias excepcionais relacionadas coa prevención da extensión do COVID-19 a accederen á adaptación ou redución da súa xornada, coa conseguinte diminución proporcional do salario. Resulta imprescindible evitar a aplicación de sancións por falta de asistencia da persoa traballadora ao traballo ante a necesidade de atender o coidado de persoas ao seu cargo, multiplicada na situación actual ante o peche de diversos establecementos públicos ou concertados, como centros escolares, residencias de maiores ou centros de día.

Para estes efectos, débese lembrar que, malia a recente derogación do artigo 52.d) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, a falta de asistencia inxustificada é causa de despedimento disciplinario, conforme o artigo 54.1 do dito corpo legal. Resulta obrigado, polo tanto, configurar as garantías necesarias para que as persoas que se vexan na situación referida poidan atender as súas obrigacións persoais de coidado sen verse afectadas negativamente no ámbito laboral.

Defínese, neste contexto, a situación que xustifica a ausencia, establecendo dereitos alternativos, como é o dereito de adaptación, fronte á ausencia durante toda a xornada, susceptibles de xeraren menos efectos adversos tanto na persoa traballadora como na propia empresa.

Esta configuración beneficiosa para a persoa traballadora é consecuenta co feito de que non vai percibir ningunha retribución nin prestación durante a situación de emerxencia. Iso implica que tenderá a solicitar preferentemente a adaptación da xornada, que lle permite manter o traballo e a súa retribución, ou reducións de intensidade baixa para efectos de perder a mínima contía retributiva.

Unha das cuestións principais que este fenómeno está pondo de manifesto é a necesidade de asegurar que as empresas están preparadas para actuaren nun contorno dixital. Por iso, é esencial facer un esforzo decidido pola preparación e dotación das pemes ao desenvolvemento dixital. Especialmente relevante neste contexto é a dotación de solucións de teletraballo e a compra e *leasing* de equipamento e servizos para a dixitalización. Para iso dispóñense diversas medidas de apoio ás pemes desde o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital co programa Acelera peme, co obxecto de articular un conxunto de iniciativas en colaboración co sector privado de apoio ás pemes no curto e medio prazo a través da entidade Red.es. Destaca a creación do portal Acelera peme, a ampliación da rede de oficinas de transformación dixital, a posta en marcha do programa Acelera peme–Talento con colaboración da Cámara de Comercio e doutros axentes públicos e privados, para asesorar e formar as pemes nestas materias, así como a creación dunha liña de axudas ás pemes tecnolóxicas para apoiar os seus esforzos de I+D+i. Prevese, así mesmo, dotar as empresas dun financiamento de ata 200 millóns de euros a través do Instituto de Crédito Oficial para atender as necesidades financeiras das pemes nas súas actividades e investimentos, para a compra e *leasing* de equipamento e servizos para a dixitalización entre outras e, en particular, para a dotación de solucións de traballo non presencial.

Este real decreto lei adopta unha medida de carácter urxente dirixida a asegurar a protección dos debedores hipotecarios en situación de vulnerabilidade tras a aprobación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. A atención de todas as persoas en condicións de vulnerabilidade é unha das prioridades estratéxicas do Goberno e nas actuais circunstancias debe ser un colectivo especialmente protexido.

Por iso é de especial importancia garantir o dereito á vivenda aos debedores hipotecarios en situación de especial vulnerabilidade que vexan reducir os seus ingresos como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19. Anteriormente, o Real decreto 1975/2008, do 28 de novembro, sobre as medidas urxentes para adoptar en materia económica, fiscal, de emprego e de acceso á vivenda, o Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, e a Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social, recentemente modificada polo Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública, xa estableceran medidas de protección aos debedores hipotecarios. A experiencia acumulada tras a crise financeira de 2008 aconsella ampliar significativamente a protección a este colectivo para que poidan acceder a unha moratoria no pagamento das súas hipotecas e evitar a perda das súas vivendas. Adicionalmente, esta medida tamén beneficia as entidades financeiras na medida en que axuda a conter a morosidade nunha situación extraordinaria como a actual.

En sexto lugar, ponse o acento na casuística dos autónomos, particularmente afectados pola situación actual, pois créase unha prestación extraordinaria por cesamento de actividade, que cobre a finalización da actividade provocada por unha situación en todo caso involuntaria.

En sétimo lugar, establécense certas medidas tamén en materia de telecomunicacións que, ademais de estaren constituídas por redes e servizos que legalmente foron cualificados de interese xeral, presentan un indubidable carácter transversal para a realización dun número crecente de actividades económicas, sociais e cidadás, ata o punto de que moitas delas requiren na actualidade o uso imprescindible das redes e servizos de comunicacións electrónicas.

Este carácter cada vez máis imprescindible e estratéxico que revisten as redes e os servizos de comunicacións electrónicas faise máis patente aínda en situacións tan excepcionais e extraordinarias como as producidas pola crise sanitaria ocasionada polo virus COVID-19 e a recente declaración do estado de alarma.

Así, o traballo non presencial configúrase como un instrumento de primeira orde para poder conxugar as necesarias medidas de illamento e contención na propagación do virus e, ao mesmo tempo, garantir a continuidade no exercicio de numerosas actividades empresariais, económicas e sociais. Para permitir o traballo non presencial, resulta imprescindible contar cunhas modernas redes de telecomunicacións, fixas e móbiles, que garantan a conectividade e o mantemento da calidade oportuna para xestionar todo o tráfico incremental que nestas situacións tan excepcionais se xera a través da dita conectividade.

En España dispónse destas modernas e avanzadas redes de comunicacións electrónicas, tanto fixas como móbiles, e a través delas estanse prestando múltiples e diversos servizos e actividades, xa non só de traballo non presencial, senón tamén para a realización de actividades de Administración electrónica, actividades comerciais ou de ocio, entre outras moitas.

Para garantir que os cidadáns, nas situacións de contención e de mobilidade reducida que supuxo a citada declaración do estado de alarma, poidan seguir accedendo a estes servizos e actividades, é imprescindible asegurar o mantemento da conectividade e que os operadores sigan prestando servizos de comunicacións electrónicas, polo menos, nas mesmas condicións que na actualidade.

Por iso, establécese a medida de que, mentres estea en vigor o estado de alarma, os operadores de telecomunicacións deben manter os servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público contratados polos seus clientes, de forma que non poderán suspendelos ou interrompelos, aínda que conste a dita posibilidade nos contratos de servizos subscritos entre operadores e consumidores.

Así mesmo, establécense determinadas medidas para garantir a prestación do servizo universal de telecomunicacións. En particular, e mentres estea en vigor o estado de alarma, o provedor de servizos de comunicacións electrónicas designado para a prestación do servizo universal de telecomunicacións garantirá a prestación dos elementos que integran o

servizo universal de telecomunicacións e manterá, como mínimo, o conxunto de beneficiarios actuais, así como a calidade da prestación do conxunto de servizos que conforman o dito servizo universal, con especial referencia á prestación do servizo de acceso funcional á internet e ás condicións de accesibilidade do servizo universal de telecomunicacións.

Por outra parte e co fin de evitar que os cidadáns teñan que se desprazar fisicamente a centros de atención presencial a clientes dos operadores de telecomunicacións ou de que estes teñan que realizar intervencións físicas nos domicilios dos clientes, establécense determinadas limitacións á subscripción de servizos de comunicacións electrónicas que requiran de portabilidade numérica, de forma que, mentres estea en vigor o estado de alarma, se suspenderán todas as operacións de portabilidade de numeración fixa e móbil que non estean en curso, excepto en casos excepcionais de forza maior.

En último lugar, para efectos de poder garantir o cumprimento por parte dos consumidores do previsto no artigo 7 do Real decreto 467/2020, do 14 de marzo, que limita a súa liberdade de circulación e, polo tanto, os seus desprazamentos e, en coherencia coa interrupción de prazos procesuais e administrativos previstos nas súas disposicións adicionais segunda e terceira, decrétase a medida excepcional de interrupción dos prazos de devolución dos produtos comprados por calquera modalidade, presencial ou en liña. Dado que o dereito de desistencia dos consumidores respecto de produtos adquiridos adoita estar suxeito a un límite temporal, débense interromper os prazos de devolución para garantir que poidan exercelo sen contravir o Real decreto 463/2020.

III

O capítulo II establece as medidas de flexibilización dos mecanismos de axuste temporal de actividade para evitar despedimentos.

As medidas adoptadas en materia de suspensión temporal de contratos e redución temporal da xornada (ERTE) perseguen evitar que unha situación conxuntural como a actual teña un impacto negativo de carácter estrutural sobre o emprego. Á luz da experiencia internacional, este tipo de medidas que teñen por obxectivo a flexibilización e axilización dos procedementos de regulación de emprego e a mellora da cobertura, tanto para os traballadores como para os empresarios, contribúe a minorar o impacto negativo sobre o emprego e a actividade económica, dado que se priorizará o mantemento do emprego sobre a extinción dos contratos.

Por iso, en primeiro lugar, especificase que as perdas de actividade como consecuencia do COVID-19 terán a consideración de forza maior para os efectos da suspensión dos contratos ou redución da xornada e axilízase a tramitación dos procedementos de regulación de emprego, tanto por forza maior como por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Así mesmo, ante a extraordinaria situación de gravidade, neste real decreto lei refórzase a cobertura aos traballadores afectados por un ERTE, posibilitándolles que teñan acceso á prestación contributiva por desemprego, aínda que carezan do período de cotización necesario para teren acceso a ela e, adicionalmente, que o período da suspensión do contrato ou a redución da xornada durante o cal estean percibindo a dita prestación non lles compute para efectos de consumir os períodos máximos de percepción legalmente establecidos. En circunstancias normais, durante un ERTE o traballador pode acceder á prestación contributiva por desemprego se conta co período de cotización necesario para ter acceso a ela e, ademais, este período compútalle para efecto dos períodos máximos de percepción da prestación.

Pola súa parte, co obxectivo de alixerar os custos en que incorren as empresas, nos casos de forza maior regulados neste real decreto lei, outra das novidades incorporadas é a exoneración ás empresas do pagamento do 75 % da achega empresarial á Seguridade Social; a dita exoneración será o 100 % da cota cando se trate de empresas de menos de 50 traballadores, sempre que estas se comprometan a manter o emprego. Ata o de agora, o empresario podía exonerar do pagamento das cotizacións á Seguridade Social só nos casos en que a forza maior derive de acontecementos catastróficos naturais que supoñan a destrución total ou parcial da empresa ou centro de traballo impedindo a continuidade da

actividade. Así, xunto co adiamento bonificado de impostos incorporado no Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, contribúese a reducir o custo de mantemento das empresas gravemente afectadas pola paralización da actividade económica con motivo do COVID-19.

Desta maneira, ademais de aliviar os custos en que incorren as empresas, incentívase o mantemento do capital humano xa formado. É dicir, recupéranse os traballadores que contan coa formación para a actividade en cuestión e que coñecen a empresa.

IV

O capítulo III establece diversas medidas de garantía de liquidez para soste a actividade económica ante as dificultades transitorias consecuencia da situación xerada polo COVID-19.

En primeiro lugar, co fin de fomentar os obxectivos anteriores, esta norma prevé a aprobación dunha liña de avais por conta do Estado para empresas e autónomos de ata 100.000 millóns de euros, que cubra tanto a renovación de préstamos como novo financiamento por entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito, entidades de diñeiro electrónico e entidades de pagamentos, para atender as súas necesidades derivadas, entre outras, da xestión de facturas, necesidade de circulante ou outras necesidades de liquidez, incluídas as derivadas de vencementos de obrigacións financeiras ou tributarias, para facilitar o mantemento do emprego e paliar os efectos económicos do COVID-19. O Consello de Ministros establecerá as condicións e os requisitos aplicables para que a liña estea operativa de maneira inmediata.

Así mesmo, como complemento á medida anterior, permítese ampliar a capacidade de endebedamento neto do Instituto de Crédito Oficial na Lei de orzamentos do Estado en 10.000 millóns de euros, para facilitar inmediatamente liquidez adicional ás empresas, especialmente ás pemes e aos autónomos, a través das liñas do ICO de financiamento xa existentes. Deste modo, o Instituto de Crédito Oficial adoptará todas as medidas precisas para ampliar o financiamento dispoñible e mellorar o acceso ao crédito das empresas, sen pór en risco o necesario equilibrio financeiro do Instituto de Crédito Oficial.

Co fin de reforzar a liquidez das empresas exportadoras, refórzase a capacidade de CESCE para aumentar a cobertura por conta do Estado das súas garantías.

En terceiro lugar, axilízanse os trámites alfandegueiros de importación no sector industrial. Un dos riscos máis importantes neste momento é que podería verse afectada a cadea de subministracións de mercadorías procedentes de países terceiros e, en menor medida, a paralización de exportacións polo peche de dependencias e de administracións de alfándegas e impostos especiais porque algún ou varios dos seus funcionarios se vexan afectados polo COVID-19 e haxa que tomar as medidas previstas para este caso.

A solución a este potencial problema consiste en atribuír ao titular do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria a competencia para acordar que o despacho alfandegueiro, de forma excepcional por necesidades do servizo derivadas da actual situación, sexa realizado a través das aplicacións informáticas existentes para o despacho alfandegueiro, sen necesidade de modificación destas por parte de calquera órgano ou funcionario da Área de Alfándegas e Impostos Especiais.

En atención ás dificultades que a situación excepcional xerada polo COVID-19 pode entrañar para os obrigados tributarios co fin de cumprir certas obrigacións tributarias e trámites en procedementos de carácter tributario, fundamentalmente para atender requirimentos e formular alegacións en prazo en procedementos de aplicación dos tributos, sancionadores tributarios e algúns de revisión en materia tributaria, resulta aconsellable flexibilizar os prazos con que conta o contribuínte para favorecer o seu dereito a alegar e probar e facilitar o cumprimento do deber de colaborar coa Administración tributaria do Estado e de achegar os documentos, datos e información de transcendencia tributaria de que se trate. Para tal efecto, tívose en conta o disposto sobre suspensión de prazos administrativos para o ámbito dos procedementos de entidades do sector público a que se refire a disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 20 de marzo, de declaración do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19,

ben que cun ámbito especial e máis concreto, o de certos procedementos tributarios, e cun horizonte temporal a favor do obrigado que pode superar o de vixencia inicial do estado de alarma.

Por esta mesma razón, para facilitar o pagamento das débedas tributarias flexibilízanse os prazos para o pagamento, tanto en período voluntario como en período executivo, así como o pagamento derivado dos acordos de adiamento e fraccionamento.

Ademais, para garantir a adecuada tramitación dos procedementos ordinarios iniciados no seo da Dirección Xeral do Catastro e garantir a atención aos actos de trámite xa ditados no momento da entrada en vigor deste real decreto lei ou que se diten desde entón, amplíase con carácter xeral o prazo de contestación aos requirimentos formulados por este centro directivo.

En cuarto lugar, establécense medidas para evitar os efectos negativos sobre o emprego e a viabilidade empresarial derivados da suspensión de contratos públicos, impedindo a resolución de contratos públicos por parte de todas as entidades que integran o sector público e evitar que o COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou as entidades que integran a Administración local e todos os seus organismos públicos e entidades de dereito público teñan un impacto estrutural negativo sobre esta parte do tecido produtivo.

Para evitar que o COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, polas CC.AA. ou pola Administración local para combatelo poidan dar lugar á resolución de contratos do sector público, prevese un réxime específico de suspensión destes.

Por último, incorpórase neste capítulo unha disposición que permita facilitar que, de maneira voluntaria, os prestameiros de créditos financeiros concedidos a titulares de explotacións agrarias afectados pola seca do ano 2017, ao abeiro das ordes AAA/778/2016, do 19 de maio (convocatoria de 2017), Orde APM/728/2017, do 31 de xullo, e Orde APM/358/2018, do 2 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas á obtención de avais da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria, acorden coas entidades financeiras prolongar ata nun ano, que poderá ser de carencia, o período de amortización dos préstamos subscritos. Esta medida servirá para asegurar o sostemento das explotacións que se acollesen a este tipo de préstamos, de modo que as especiais circunstancias que agora atravesan non poñan en perigo a súa viabilidade futura, polo que se dará un ano de marxe adicional para a devolución do importe debido, sexa mediante carencia adicional, sexa reprogramando as devolucións.

V

O capítulo IV establece medidas de apoio á investigación sobre o COVID-19.

A loita contra o COVID-19 segue a ser un obxectivo prioritario da acción do Goberno, fomentando a investigación sobre a enfermidade para o desenvolvemento de medicamentos eficaces e vacinas que axuden a conter o impacto de futuros abrochos. O control efectivo da pandemia é o primeiro elemento determinante para minimizar o impacto económico. Un control efectivo débese facer non só mediante o reforzo de medidas de contención, senón tamén fomentando a investigación de base sobre a enfermidade, tratando de anticiparse e desenvolvendo tratamentos e vacinas que impidan novos escenarios de contaxios xeneralizados.

Para iso, establécense medidas extraordinarias no eido laboral para o ámbito das entidades públicas integrantes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación que deban desenvolver medidas excepcionais no ámbito da xestión da emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19.

Neste sentido, habilítase a posibilidade de establecer xornadas laborais extraordinarias, sen suxeición ás regras xerais sobre xornada e horarios do persoal ao servizo das administracións públicas, para o persoal funcionario e laboral ao servizo das entidades públicas integrantes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación que resulte imprescindible para a mellor atención das obrigacións en materia científica, de investigación e innovación, así como de xestión dos servizos mínimos que resulten necesarios para

cumprir as obrigacións e competencias dos ditos organismos e departamento ministerial, coa correspondente contraprestación retributiva que proceda.

No ámbito orzamentario, para dar cumprimento a estas medidas específicas no ámbito do Ministerio de Ciencia e Innovación e dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, non se aplicarán os límites e requirimentos establecidos nos puntos sexto e sétimo do Acordo do Consello de Ministros, do 27 de decembro de 2019, polo que se establecen os criterios de aplicación da prórroga para 2020 dos orzamentos xerais do Estado vixentes no ano 2019, se formaliza a distribución por seccións e se aproban medidas para reforzar o control do gasto público, aos expedientes de gasto necesarios para a xestión da emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19.

Autorízase igualmente mediante este real decreto lei unha serie de créditos extraordinarios no orzamento do Ministerio de Ciencia e Innovación co fin de poder dotar o Consello Superior de Investigacións Científicas e o Instituto de Saúde Carlos III dos recursos orzamentarios precisos para efectos de facer fronte aos retos científicos e de investigación derivados da emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19.

Para efectos de garantir a necesaria axilidade nos procedementos de concesión de axudas públicas no marco da investigación científica e técnica precisa para abordar a emerxencia sanitaria, exceptúase de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a aquelas disposicións monetarias realizadas polo Instituto de Saúde Carlos III ou polo Consello Superior de Investigacións Científicas e que se efectúen a favor de persoas públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, sen contraprestación directa dos beneficiarios.

Tamén se articula a través da presente norma a autorización para realizar calquera actividade de liberación voluntaria e utilización confinada con organismos modificados xeneticamente, presentada ou que se presente conforme a Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de OMX, sempre que teñan por obxecto ou se demostre a súa utilidade para previr, combater ou conter a epidemia de coronavirus provocada polo virus SARS-CoV-2019 (SARS-2), sen necesidade de esperar a que remate o prazo de comunicación e información pública, nos casos en que sexa preceptivo, de acordo co previsto no Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 9/2003, do 25 de abril.

Finalmente, mediante este real decreto lei modifícase o Fondo de Provisións Técnicas asociadas á Rede Cervera I+D+I, para efectos de permitir o financiamento de proxectos de I+D+I empresarial de pemes e empresas de mediana capitalización, mediante axudas instrumentadas a través de préstamos xestionados polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI).

VI

Finalmente, o capítulo V establece medidas adicionais para permitir unha resposta adecuada á situación excepcional, entre as cales destaca un réxime particular para a subscripción de convenios da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relacionados no ámbito da xestión da emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19.

Establécese unha serie de medidas extraordinarias aplicables ao funcionamento dos órganos de Goberno das persoas xurídicas de dereito privado e, igualmente, unha serie de medidas extraordinarias aplicables ao funcionamento dos órganos de Goberno das sociedades anónimas cotizadas. Por outro lado, interrómpese o prazo fixado na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, para que o debedor que se encontre en estado de insolvencia non teña o deber de solicitar a declaración de concurso.

As disposicións adicionais segunda, terceira e cuarta do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prevén a suspensión dos prazos administrativos, dos prazos procesuais e dos prazos de prescrición e caducidade de calquera acción e dereito.

Malia iso, para a plena salvagarda dos dereitos dos cidadáns, cómpre suspender o prazo de caducidade dos asentos rexistrados ata que se poida prover o necesario para a inscrición, prórroga ou cancelación correspondente, medida que introduce este real decreto lei.

As modificacións da Lei reguladora do Centro Nacional de Intelixencia e da Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, que se operan por medio das disposicións derradeiras segunda e terceira deste real decreto lei, non poden ser aprobadas mediante o procedemento ordinario de tramitación parlamentaria, pois iso implicaría que, ata a aprobación de tales reformas legislativas, a estrutura de órganos colexiados do Goberno non estaría en condicións de desenvolver as súas funcións conforme as necesidades organizativas apreciadas no momento actual pola Presidencia do Goberno, motivo que xustifica a extraordinaria e urxente necesidade da situación e a conexión con ela das medidas adoptadas.

O recente impacto da crise global desencadeada polo COVID-19 sobre os mercados bolsistas mundiais supón unha ameaza certa para as empresas españolas cotizadas, pero tamén para as non cotizadas, que están vendo minguado o seu valor patrimonial, moitas delas dos sectores estratéxicos da nosa economía, de que se lancen operacións de adquisición destas por parte de investidores estranxeiros.

Todo iso explica a extraordinaria e urxente necesidade de efectuar con urxencia a modificación do actual modelo de control dos investimentos estranxeiros para introducir mecanismos de autorización *ex ante* dos citados investimentos.

En consecuencia, a disposición derradeira cuarta deste real decreto lei modifica a Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior, engadindo un novo artigo 7 bis. Neste novo artigo establécese que as IED, é dicir, aquelas realizadas por investidores residentes en países de fóra da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio, quedan suspendidas por motivos de seguridade pública, orde pública e saúde pública, nos principais sectores estratéxicos do noso país cando, como consecuencia do investimento, o investidor pase a ter unha participación igual ou superior ao 10 por 100 do capital social da sociedade española, ou cando, como consecuencia da operación societaria, acto ou negocio xurídico, se tome o control do órgano de administración da sociedade española. Así mesmo, quedan suspendidos aqueles investimentos que, dándose as circunstancias antes sinaladas de participación no capital social e toma de control, procedan de empresas públicas ou de control público ou de fondos soberanos de terceiros países.

Finalmente, mediante este real decreto lei modifícase o Fondo de Provisións Técnicas asociadas á Rede Cervera I+D+I, para efectos de permitir o financiamento de proxectos de I+D+I empresarial de pemes e empresas de mediana capitalización, mediante axudas instrumentadas a través de préstamos xestionados polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI).

VII

A adopción de medidas de carácter económico mediante real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorran unha motivación explícita e razoada da necesidade –entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta– e a urxencia –asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F 4; 137/2003, do 3 de xullo, F 3 e 189/2005, do 7 xullo, F 3), remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Ningunha dúbida ofrece que a situación que afronta o noso país pola declaración de emerxencia de saúde pública de importancia internacional, unida á recente declaración do estado de alarma, xeran a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e

urxente necesidade de adoptar diversas medidas. No actual escenario de contención e prevención do COVID-19 é urxente e necesario atallar a epidemia e evitar a súa propagación para protexer a saúde pública, á vez que se adoptan medidas de contido económico para afrontar as súas consecuencias.

Así mesmo, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, Recurso de inconstitucionalidade núm. 2208/2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e a saúde pública. Os motivos de oportunidade que se acaban de expor demostran que, en ningún caso, este real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción desta norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Débase sinalar tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Este real decreto lei responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como exige a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamentan as medidas que se establecen, e o real decreto lei é o instrumento máis inmediato para garantir a súa consecución. A norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica e é coherente co resto do ordenamento xurídico. En canto ao principio de transparencia, a norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública, que non son aplicables á tramitación e aprobación de decretos leis. Por último, en relación co principio de eficiencia, neste real decreto lei procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas para os cidadáns.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e dos ministros de Facenda, de Interior, de Traballo e Economía Social, de Industria, Comercio e Turismo, para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Sanidade, de Dereitos Sociais e Axenda 2030, de Ciencia e Innovación, de Consumo e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, Agricultura Pesca e Alimentación, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de marzo de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas de apoio aos traballadores, familias e colectivos vulnerables

I

Artigo 1. *Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 para financiar un fondo social extraordinario destinado exclusivamente ás consecuencias sociais do COVID-19.*

1. Autorízase a aplicación do Fondo de Continxencia e a concesión dun suplemento de crédito no Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, por importe de 300.000.000 euros, na aplicación orzamentaria 26.16.231F.453.07 «Protección á familia e atención á pobreza infantil. Prestacións básicas de servizos sociais».

O financiamento deste suplemento de crédito realizarase de conformidade co artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. Con cargo ao suplemento de crédito realizaranse as correspondentes transferencias ás comunidades autónomas, Ceuta e Melilla para financiar as prestacións básicas dos servizos sociais das comunidades autónomas, deputacións provinciais ou corporacións locais que teñan por obxecto exclusivamente facer fronte a situacións extraordinarias derivadas do COVID-19. Este fondo poderase destinar ao financiamento de proxectos e ás contratacións laborais necesarias para o desenvolvemento das seguintes prestacións:

a) Reforzar os servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación ao contorno, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, compensando así o peche de comedores, centros de día, centros ocupacionais e outros servizos similares, considerando o maior risco que asumen estas persoas en caso de contaxio. Estes servizos comprenden a axuda a domicilio en todas as súas modalidades e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa usuaria.

b) Incrementar e reforzar o funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria de maneira que incrementen o ritmo de contactos de verificación e a vixilancia da poboación beneficiaria do dito servizo.

c) Trasladar ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, os servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene e outros similares, considerando a suspensión de atención diúrna en centros.

d) Reforzar os dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados, asegurando que tanto elas como aquelas que as atenden estean debidamente protexidas, e posibilitar a súa ampliación, tanto no tempo de estadía como en intensidade.

e) Reforzar os cadros de persoal de centros de servizos sociais e centros residenciais en caso de que sexa necesario realizar substitucións por prevención, por contaxio ou por prestación de novos servizos ou sobrecarga do cadro de persoal.

f) Adquirir medios de prevención (EPI).

g) Ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.

h) Reforzar, con servizos e dispositivos adecuados, os servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monoparentais maternas e monoparentais paternas) que contan con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes.

i) Outras medidas que as comunidades autónomas, en colaboración cos servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise e que sexan debidamente xustificadas.

3. Os fondos que se destinen aos servizos sociais prestados polas deputacións ou polas corporacións locais formalizaranse a través da ampliación dos convenios existentes ou doutros novos, nos cales se indicará expresamente a relación entre o emprego dos fondos e as prestacións sinaladas no punto anterior.

Artigo 2. Distribución do Fondo Social Extraordinario entre as comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

1. O Fondo Social Extraordinario distribuirase entre todas as comunidades autónomas, tanto as de réxime común como as de réxime foral, e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

2. A distribución territorial dos créditos destinados ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para o reforzamento dos servizos sociais a que se refire este real

decreto lei realizárase de acordo cos seguintes criterios, utilizando as seguintes variables distributivas: poboación (pondera ao 90 %); dispersión (pondera ao 1,5 %); grandes urbes –cidades de máis de 500.000 habitantes– (pondera ao 0,7 %); poboación dependente maiores de 65 e menores de 16 (pondera ao 2,3 %); superficie (pondera ao 5%); insularidade: (pondera ao 0,5 %). A La Rioja garáteselle o 1,5 % e a Ceuta e Melilla o 0,5 %.

Así mesmo, ás cidades de Ceuta e de Melilla incrementánselles en 100.000 euros a cada unha delas, de conformidade co Acordo do Consello de Ministros do 2 de febreiro de 2007 polo que se autoriza o ministro de Administracións Públicas para subscribir un acordo polo que se adoptan medidas para a mellora do autogoberno das cidades de Ceuta e Melilla e o desenvolvemento de diferentes instrumentos de cooperación coa Administración xeral do Estado.

Artigo 3. Destino do superávit das entidades locais correspondente a 2019 e aplicación en 2020 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

1. O superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2019 poderase destinar para financiar gastos de investimento incluídos na política de gasto 23, «Servizos sociais e promoción social», recollida no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, logo de aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Así mesmo, dentro daquela política de gasto, consideráranse, con carácter excepcional e para os exclusivos efectos deste artigo, incluídas as prestacións sinaladas no número 2 do artigo 1 deste real decreto lei.

Así mesmo, será de aplicación o réxime de autorización recollido no último parágrafo do número 1 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2. No caso das deputacións provinciais, consellos e cabidos insulares, poderán incluír gasto imputable tamén nos capítulos 6 e 7 do estado de gastos dos seus orzamentos xerais destinados a financiar os gastos citados no punto anterior e que se asignen a municipios que:

- a) cumbran co previsto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril,
- b) ou ben, non cumprindo o previsto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, aproben, de ser o caso, un plan económico-financieiro de acordo coa dita norma.

Para esta finalidade, as entidades locais, en conxunto, poderán destinar do seu superávit unha cantidade equivalente ao crédito establecido no artigo anterior, o que será obxecto de seguimento por parte do órgano competente do Ministerio de Facenda.

II

Artigo 4. Garantía de subministración de auga e enerxía a consumidores vulnerables.

1. Durante o mes seguinte á entrada en vigor deste real decreto lei, os subministradores de enerxía eléctrica, gas natural e auga non poderán suspender a subministración a aqueles consumidores en que conorra a condición de consumidor vulnerable, vulnerable severo ou en risco de exclusión social definida nos artigos 3 e 4 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos.

2. Prorrógase de forma automática ata o 15 de setembro de 2020 a vixencia do bono social para aqueles beneficiarios deste aos cales lles venza con anterioridade á dita data o prazo previsto no artigo 9.2 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro.

3. A partir da entrada en vigor deste real decreto lei suspéndese a vixencia dos seguintes artigos relativos aos sistemas de actualización de prezos regulados:

a. Os artigos 3.5 e 6 da Orde IET/389/2015, do 5 de marzo, pola que se actualiza o sistema de determinación automática de prezos máximos de venda, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados e se modifica o sistema de determinación automática das tarifas de venda, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo por canalización, para os seguintes tres bimestres.

Durante o período de suspensión estarán vixentes os prezos máximos establecidos na Resolución do 14 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se publican os novos prezos máximos de venda, antes de impostos, dos gases licuados do petróleo envasados, en envases de carga igual ou superior a 8 kg, e inferior a 20 kg, excluídos os envases de mestura para usos dos gases licuados do petróleo como carburante.

b. O artigo 10, así como o punto segundo da disposición adicional única da Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da tarifa de último recurso de gas natural, para os seguintes dous trimestres.

Durante o período de suspensión estarán vixentes os termos da tarifa establecidos na Resolución do 23 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se fai pública a tarifa de último recurso de gas natural.

III

Artigo 5. *Carácter preferente do traballo a distancia.*

As medidas excepcionais de natureza laboral que se establecen nesta norma teñen como obxectivos prioritarios garantir que a actividade empresarial e as relacións de traballo se restablezan con normalidade tras a situación de excepcionalidade sanitaria.

En particular, estableceranse sistemas de organización que permitan manter a actividade por mecanismos alternativos, particularmente por medio do traballo a distancia, e a empresa deberá adoptar as medidas oportunas se iso é técnica e razoablemente posible e se o esforzo de adaptación necesario resulta proporcionado. Estas medidas alternativas, particularmente o traballo a distancia, deberán ser prioritarias fronte á cesación temporal ou redución da actividade.

Co obxectivo de facilitar o exercicio da modalidade de traballo a distancia naqueles sectores, empresas ou postos de traballo en que non estivese prevista ata o momento, entenderase cumprida a obriga de efectuar a avaliación de riscos, nos termos previstos no artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, con carácter excepcional, a través dunha autoavaliación realizada voluntariamente pola propia persoa traballadora.

Artigo 6. *Dereito de adaptación do horario e redución de xornada.*

1. As persoas traballadoras por conta allea que acrediten deberes de coidado respecto do cónxuxe ou parella de feito, así como respecto dos familiares por consanguinidade ata o segundo grao da persoa traballadora, terán dereito a acceder á adaptación da súa xornada e/ou á redución desta, nos termos previstos neste artigo, cando concorran circunstancias excepcionais relacionadas coas actuacións necesarias para evitar a transmisión comunitaria do COVID-19.

Entenderase que concorren as ditas circunstancias excepcionais cando sexa necesaria a presenza da persoa traballadora para a atención dalgunha das persoas indicadas no punto anterior que, por razóns de idade, enfermidade ou discapacidade, necesite de coidado persoal e directo como consecuencia directa do COVID-19. Así mesmo, considerarase que concorren circunstancias excepcionais cando existan decisións adoptadas polas autoridades gubernativas relacionadas co COVID-19 que impliquen peche de centros educativos ou de calquera outra natureza que dispensasen coidado ou atención á persoa necesitada deles. Tamén se considerará que concorren circunstancias

excepcionais que requiren a presenza da persoa traballadora cando a persoa que ata o momento se encargase do coidado ou asistencia directos do cónxuxe ou familiar ata segundo grao da persoa traballadora non poida seguir facéndoo por causas xustificadas relacionadas co COVID-19.

O dereito previsto neste artigo é un dereito individual de cada un dos proxenitores ou coidadores, que debe ter como presuposto a repartición corresponsable das obrigacións de coidado e a evitación da perpetuación de roles, e deberá ser xustificado, razoable e proporcionado en relación coa situación da empresa, particularmente no caso de que sexan varias as persoas traballadoras que acceden a el na mesma empresa.

Os conflitos que se puideren xerar pola aplicación do presente artigo serán resoltos pola xurisdición social a través do procedemento establecido no artigo 139 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. O exercicio dos dereitos previstos neste artigo considérase exercicio de dereitos de conciliación para todos os efectos.

2. O dereito á adaptación da xornada por deberes de coidado por circunstancias excepcionais relacionadas co COVID-19 é unha prerrogativa cuxa concreción inicial corresponde á persoa traballadora, tanto no seu alcance como no seu contido, sempre e cando estea xustificada, sexa razoable e proporcionada, tendo en conta as necesidades concretas de coidado que debe dispensar a persoa traballadora, debidamente acreditadas, e as necesidades de organización da empresa. Empresa e persoa traballadora deberán facer o posible por chegar a un acordo.

O dereito á adaptación da xornada poderase referir á distribución do tempo de traballo ou a calquera outro aspecto das condicións de traballo, cuxa alteración ou axuste permita que a persoa traballadora poida dispensar a atención e coidado obxecto do presente artigo. Pode consistir en cambio de quenda, alteración de horario, horario flexible, xornada partida ou continuada, cambio de centro de traballo, cambio de funcións, cambio na forma de prestación do traballo, incluída a prestación de traballo a distancia, ou en calquera outro cambio de condicións que estea dispoñible na empresa ou que se poida implantar de modo razoable e proporcionado, tendo en conta o carácter temporal e excepcional das medidas recollidas nesta norma, que se limita ao período excepcional de duración do COVID-19.

3. As persoas traballadoras terán dereito a unha redución especial da xornada de traballo, nas situacións previstas no artigo 37.6 do Estatuto dos traballadores, cando concorran as circunstancias excepcionais previstas no punto primeiro deste artigo, coa redución proporcional do seu salario. Salvo polas peculiaridades que se expoñen a continuación, esta redución especial rexerá polo establecido nos artigos 37.6 e 37.7 do Estatuto dos traballadores, así como polo resto de normas que atribúen garantías, beneficios ou especificacións de calquera natureza ás persoas que acceden aos dereitos establecidos nestes preceptos.

A redución de xornada especial deberá ser comunicada á empresa con 24 horas de antelación e poderá alcanzar o cen por cento da xornada de resultar necesario, sen que iso implique cambio de natureza para efectos de aplicación dos dereitos e garantías establecidos no ordenamento para a situación prevista no artigo 37.6 do Estatuto dos traballadores.

En caso de reducións de xornada que cheguen ao 100 %, o dereito da persoa traballadora deberá estar xustificado e ser razoable e proporcionado en atención á situación da empresa.

No suposto establecido no artigo 37.6, segundo parágrafo, non será necesario que o familiar que require atención e coidado non desempeñe actividade retribuída.

4. No caso de que a persoa traballadora se encontre desfrutando xa dunha adaptación da súa xornada por conciliación, ou de redución de xornada por coidado de fillos ou familiares, ou dalgún dos dereitos de conciliación previstos no ordenamento laboral, incluídos os establecidos no propio artigo 37, poderá renunciar temporalmente a el ou terá dereito a que se modifiquen os termos do seu desfrute, sempre que concorran as circunstancias excepcionais previstas no punto primeiro deste artigo. A solicitude deberá limitarse ao período excepcional de duración da crise sanitaria e acomodarse ás necesidades concretas de coidado que debe dispensar a persoa traballadora, debidamente acreditadas, así como ás necesidades de organización da empresa, e presumirase que a solicitude está xustificada e é razoable e proporcionada, salvo proba en contrario.

IV

Artigo 7. Moratoria de débeda hipotecaria para a adquisición de vivenda habitual.

Establécense medidas conducentes a procurar a moratoria da débeda hipotecaria para a adquisición da vivenda habitual de quen padece extraordinarias dificultades para atender o seu pagamento como consecuencia da crise do COVID-19 desde este artigo e ata o artigo 16 deste real decreto lei, ambos incluídos.

Artigo 8. Ámbito de aplicación da moratoria de débeda hipotecaria para a adquisición de vivenda habitual.

1. As medidas previstas neste real decreto lei para a moratoria de débeda hipotecaria para a adquisición de vivenda habitual aplicaranse aos contratos de préstamo ou crédito garantidos con hipoteca inmobiliaria cuxo debedor se encontre nos supostos de vulnerabilidade económica establecidos no artigo 9 deste real decreto lei e que estean vixentes na data de entrada en vigor.

2. Estas mesmas medidas aplicaranse igualmente aos fiadores e avalistas do debedor principal, respecto da súa vivenda habitual e coas mesmas condicións que as establecidas para o debedor hipotecario.

Artigo 9. Definición da situación de vulnerabilidade económica.

1. Os supostos de vulnerabilidade económica a consecuencia da emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19 quedan definidos co seguinte teor:

a) Que o debedor hipotecario pase a estar en situación de desemprego ou, en caso de ser empresario ou profesional, sufra unha perda substancial dos seus ingresos ou unha caída substancial das súas vendas.

b) Que o conxunto dos ingresos dos membros da unidade familiar non supere, no mes anterior á solicitude da moratoria:

i. Con carácter xeral, o límite de tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples mensual (en diante, IPREM).

ii. Este límite incrementárase en 0,1 veces o IPREM por cada fillo a cargo na unidade familiar. O incremento aplicable por fillo a cargo será de 0,15 veces o IPREM por cada fillo no caso de unidade familiar monoparental.

iii. Este límite incrementárase en 0,1 veces o IPREM por cada persoa maior de 65 anos membro da unidade familiar.

iv. En caso de que algún dos membros da unidade familiar teña declarada discapacidade superior ao 33 por cento, situación de dependencia ou enfermidade que o/a incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar unha actividade laboral, o límite previsto na subalínea i) será de catro veces o IPREM, sen prexuízo dos incrementos acumulados por fillo a cargo.

v. No caso de que o debedor hipotecario sexa persoa con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento, ou persoa con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65 por cento, así como nos casos de enfermidade grave que incapacite acreditadamente a persoa ou o seu coidador para realizar unha actividade laboral, o límite previsto na subalínea i) será de cinco veces o IPREM.

c) Que a cota hipotecaria, máis os gastos e subministracións básicas, resulte superior ou igual ao 35 por cento dos ingresos netos que perciba o conxunto dos membros da unidade familiar.

d) Que, a consecuencia da emerxencia sanitaria, a unidade familiar sufrise unha alteración significativa das súas circunstancias económicas en termos de esforzo de acceso á vivenda, nos termos que se definen no punto seguinte.

2. Para os efectos do previsto neste artigo entenderase:

- a) Que se produciu unha alteración significativa das circunstancias económicas cando o esforzo que represente a carga hipotecaria sobre a renda familiar se multiplícase por, ao menos, 1,3.
- b) Que se produciu unha caída substancial das vendas cando esta caída sexa, polo menos, do 40 %.
- c) Por unidade familiar a composta polo debedor, o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita e os fillos, con independencia da súa idade, que residan na vivenda, incluídos os vinculados por unha relación de tutela, garda ou acollemento familiar e o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita, que residan na vivenda.

Artigo 10. *Fiadores, avalistas e hipotecantes non debedores.*

Os fiadores, avalistas e hipotecantes non debedores que se encontren nos supostos de vulnerabilidade económica poderán exixir que a entidade esgote o patrimonio do debedor principal, sen prexuízo da aplicación a este, de ser o caso, das medidas previstas no Código de boas prácticas, antes de reclamarlles a débeda garantida, mesmo cando no contrato renunciásen expresamente ao beneficio de excusión.

Artigo 11. *Acreditación das condicións subxectivas.*

1. A concorrencia das circunstancias a que se refire o artigo 9 acreditará o debedor ante a entidade acreedora mediante a presentación dos seguintes documentos:

- a) En caso de situación legal de desemprego, mediante certificado expedido pola entidade xestora das prestacións, no cal figure a contía mensual percibida en concepto de prestacións ou subsidios por desemprego.
- b) En caso de cesamento de actividade dos traballadores por conta propia, mediante certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou polo órgano competente da comunidade autónoma, de ser o caso, sobre a base da declaración de cesamento de actividade declarada polo interesado.
- c) Número de persoas que habitan a vivenda:
 - i. Libro de familia ou documento acreditativo de parella de feito.
 - ii. Certificado de empadramento relativo ás persoas empadroadas na vivenda, con referencia ao momento da presentación dos documentos acreditativos e aos seis meses anteriores.
 - iii. Declaración de discapacidade, de dependencia ou de incapacidade permanente para realizar unha actividade laboral.
- d) Titularidade dos bens:
 - i. Nota simple do servizo de índices do Rexistro da Propiedade de todos os membros da unidade familiar.
 - ii. Escrituras de compravenda da vivenda e de concesión do préstamo con garantía hipotecaria.
- e) Declaración responsable do debedor ou debedores relativa ao cumprimento dos requisitos exixidos para considerarse sen recursos económicos suficientes segundo este real decreto lei.

Artigo 12. *Solicitud de moratoria sobre as débedas hipotecarias inmobiliarias.*

Os debedores comprendidos no ámbito de aplicación deste real decreto lei poderán solicitar do acreedor, ata quince días despois da fin da vixencia deste real decreto lei, unha moratoria no pagamento do préstamo con garantía hipotecaria para a adquisición da súa vivenda habitual. Os debedores achegarán, xunto coa solicitude de moratoria, a documentación prevista no artigo 11.

Artigo 13. *Concesión da moratoria.*

1. Unha vez realizada a solicitude da moratoria a que se refire o artigo 12 deste real decreto lei, a entidade acreedora procederá á súa implementación nun prazo máximo de 15 días.

2. Unha vez concedida a moratoria, a entidade acreedora comunicará ao Banco de España a súa existencia e duración para efectos contables e de non imputación dela no cómputo de provisións de risco.

Artigo 14. *Efectos da moratoria.*

1. A solicitude de moratoria a que se refire o artigo 12 comportará a suspensión da débeda hipotecaria durante o prazo estipulado para ela e a conseguinte inaplicación, durante o período de vixencia da moratoria, da cláusula de vencemento anticipado que conste no contrato de préstamo hipotecario.

2. Durante o período de vixencia da moratoria a que se refire o presente capítulo, a entidade acreedora non poderá exixir o pagamento da cota hipotecaria nin de ningún dos conceptos que a integran (amortización do capital ou pagamento de xuros), nin integramente nin nunha porcentaxe. Tampouco se devindicarán xuros.

Artigo 15. *Inaplicación de xuros moratorios.*

1. En todos os contratos de crédito ou préstamo garantidos con hipoteca inmobiliaria en que o debedor se encontre nos supostos de vulnerabilidade económica práctica e acredite ante a entidade que se encontra na dita circunstancia, non se permitirá a aplicación de xuro moratorio polo período de vixencia da moratoria.

2. Esta inaplicabilidade de xuros non será aplicable a debedores ou contratos distintos dos regulados no presente real decreto lei.

Artigo 16. *Consecuencias da aplicación indebida polo debedor das medidas para a reestruturación da débeda hipotecaria inmobiliaria.*

1. O debedor dun crédito ou préstamo garantido con hipoteca que se beneficiase das medidas de moratoria neste real decreto lei sen reunir os requisitos previstos no artigo 9 será responsable dos danos e perdas que se puidesen producir, así como de todos os gastos xerados pola aplicación destas medidas de flexibilización, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde a que a conduta do debedor podería dar lugar.

2. O importe dos danos, perdas e gastos non pode resultar inferior ao beneficio indebidamente obtido polo debedor pola aplicación da norma.

3. Tamén incorrerá en responsabilidade o debedor que, voluntaria e deliberadamente, busque situarse ou manterse nos supostos de vulnerabilidade económica coa finalidade de obter a aplicación destas medidas, e corresponderá a acreditación desta circunstancia á entidade coa cal teña concertado o préstamo ou crédito.

V

Artigo 17. *Prestación extraordinaria por cesamento de actividade para os afectados pola declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

1. Con carácter excepcional e vixencia limitada a un mes, a partir da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ou ata o último día do mes en que finalice o dito estado de alarma, de prolongarse este durante máis dun mes, os traballadores por conta propia ou autónomos, cuxas actividades queden suspendidas en virtude do previsto no mencionado real decreto ou, noutro caso, cando a súa facturación no mes anterior a aquel en que se solicita a prestación se vexa reducida, polo menos,

nun 75 por cento en relación coa media de facturación do semestre anterior, terán dereito á prestación extraordinaria por cesamento de actividade que se regula neste artigo, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estaren afiliados e de alta, na data da declaración do estado de alarma, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, de ser o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

b) No suposto de que a súa actividade non se vexa directamente suspendida en virtude do previsto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, acreditar a redución da súa facturación en, polo menos, un 75 por cento, en relación coa efectuada no semestre anterior.

c) Estaren ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social. Non obstante, se na data da suspensión da actividade ou da redución da facturación non se cumpre este requisito, o órgano xestor invitará ao pagamento o traballador autónomo para que, no prazo improrrogable de trinta días naturais, ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para adquirir o dereito á protección.

2. A contía da prestación regulada neste artigo determinarase aplicando o 70 por cento á base reguladora, calculada de conformidade co previsto no artigo 339 da Lei xeral da seguridade social, aprobada mediante o Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro. Cando non se acredite o período mínimo de cotización para ter dereito á prestación, a contía da prestación será equivalente ao 70 por cento da base mínima de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, de ser o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

3. A prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulada neste artigo terá unha duración dun mes e ampliarase, de ser o caso, ata o último día do mes en que finalice o estado de alarma, no suposto de que este se prorrogue e teña unha duración superior ao mes. O tempo da súa percepción entenderase como cotizado e non reducirá os períodos de prestación por cesamento de actividade aos cales o beneficiario poida ter dereito no futuro.

4. A percepción será incompatible con calquera outra prestación do sistema da Seguridade Social.

5. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito igualmente a esta prestación extraordinaria, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste artigo.

6. A xestión desta prestación corresponderalles ás entidades a que se refire o artigo 346 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

VI

Artigo 18. *Garantía no mantemento dos servizos de comunicacións electrónicas e da conectividade de banda larga.*

Excepcionalmente, mentres estea en vigor o estado de alarma, as empresas provedoras de servizos de comunicacións electrónicas manterán a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público contratados polos seus clientes na data do inicio da aplicación do estado de alarma, de forma que non poderán suspendelos ou interrompelos por motivos distintos aos de integridade e seguridade das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas, segundo se define no artigo 44 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, aínda que conste a dita posibilidade nos contratos de servizos subscritos polos consumidores.

Artigo 19. *Garantía na prestación do servizo universal de telecomunicacións.*

1. Mentres estea en vigor o estado de alarma, o provedor de servizos de comunicacións electrónicas designado para a prestación do servizo universal de telecomunicacións garantirá a prestación dos elementos que integran o servizo universal de telecomunicacións e manterá, como mínimo, o conxunto de beneficiarios actuais, así

como a calidade da prestación do conxunto de servizos que conforman o dito servizo universal, de acordo co artigo 25 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, e coa súa normativa de desenvolvemento.

2. En particular, garantirá a continuidade dos servizos e a súa calidade e non poderá reducir o número de beneficiarios, con especial referencia aos seguintes ámbitos:

a) O conxunto dos beneficiarios actuais e as condicións en que presta o servizo de acceso funcional á internet, segundo se establece no artigo 28 do Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios.

b) As condicións en que actualmente garante a accesibilidade do servizo, segundo se definen no artigo 35 do Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios.

Artigo 20. *Suspensión da portabilidade.*

Mentres estea en vigor o estado de alarma, os provedores de servizos de comunicacións electrónicas non realizarán campañas comerciais extraordinarias de contratación de servizos de comunicacións electrónicas que requiran a portabilidade de numeración, na medida en que pode incrementar a necesidade dos usuarios de desprazarse fisicamente a centros de atención presencial a clientes ou de realizar intervencións físicas nos domicilios dos clientes para manter a continuidade nos servizos.

Con este mesmo fin, mentres estea en vigor o estado de alarma, suspenderanse todas as operacións de portabilidade de numeración fixa e móbil que non estean en curso, excepto en casos excepcionais de forza maior.

VII

Artigo 21. *Interrupción do prazo para a devolución de produtos durante a vixencia do estado de alarma.*

Durante a vixencia do estado de alarma ou as súas posibles prórrogas, interrómponse os prazos para a devolución dos produtos comprados por calquera modalidade, ben presencial ou ben en liña. O cómputo dos prazos restablecerase no momento en que perdan vixencia o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma ou, de ser o caso, as súas prórrogas.

CAPÍTULO II

Medidas de flexibilización dos mecanismos de axuste temporal de actividade para evitar despedimentos

Artigo 22. *Medidas excepcionais en relación cos procedementos de suspensión de contratos e de redución de xornada por causa de forza maior.*

1. As suspensións de contratos e reducións de xornada que teñan a súa causa directa en perdas de actividade como consecuencia do COVID-19, incluída a declaración do estado de alarma, que impliquen suspensión ou cancelación de actividades, peche temporal de locais de afluencia pública, restricións no transporte público e, en xeral, da mobilidade das persoas e/ou das mercadorías, falta de subministracións que impidan gravemente continuar co desenvolvemento ordinario da actividade, ou ben en situacións urxentes e extraordinarias debidas ao contaxio do cadro de persoal ou á adopción de medidas de illamento preventivo decretadas pola autoridade sanitaria, que queden debidamente acreditados, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan do artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

2. Nos supostos en que a empresa decida a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base nas circunstancias descritas no punto 1, aplicaranse as seguintes especialidades, respecto do procedemento recollido na normativa reguladora destes expedientes:

a) O procedemento iniciárase mediante solicitude da empresa, xunto coa cal se achegará un informe relativo á vinculación da perda de actividade como consecuencia do COVID-19, así como, de ser o caso, a correspondente documentación acreditativa. A empresa deberalles comunicar a súa solicitude ás persoas traballadoras e trasladar o informe anterior e a documentación acreditativa, en caso de existir, á representación destas.

b) A existencia de forza maior, como causa motivadora de suspensión dos contratos ou da redución de xornada prevista neste artigo, deberá ser constatada pola autoridade laboral, calquera que sexa o número de persoas traballadoras afectadas.

c) A resolución da autoridade laboral ditarase no prazo de cinco días desde a solicitude, logo de informe, de ser o caso, da Inspección de Traballo e Seguridade Social e deberase limitar a constatar a existencia, cando proceda, da forza maior alegada pola empresa, á cal lle corresponderá a decisión sobre a aplicación de medidas de suspensión dos contratos ou redución de xornada, que producirán efectos desde a data do feito causante da forza maior.

d) O informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, cuxa solicitude será potestativa para a autoridade laboral, emitirase no prazo improrrogable de cinco días.

3. Para a tramitación dos expedientes de suspensión de contratos e redución de xornada que afecten os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais incluídos no réxime xeral da Seguridade Social ou nalgúns dos réximes especiais que protexan a continxencia de desemprego, será de aplicación o procedemento específico previsto no Real decreto 42/1996, do 19 de xaneiro, polo que se amplía a protección por desemprego aos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado en situación de cesamento temporal ou redución temporal de xornada, salvo no relativo ao prazo para a emisión de resolución por parte da autoridade laboral e ao informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que se rexerán polo previsto nas alíneas c) e d) do número anterior.

Artigo 23. Medidas excepcionais en relación cos procedementos de suspensión e redución de xornada por causa económica, técnica, organizativa e de produción.

1. Nos supostos en que a empresa decida a suspensión do contrato ou redución da xornada por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción relacionadas co COVID-19, aplicaranse as seguintes especialidades respecto do procedemento recollido na normativa reguladora destes expedientes:

a) No suposto de que non exista representación legal das persoas traballadoras, a comisión representativa destas para a negociación do período de consultas estará integrada polos sindicatos máis representativos e representativos do sector a que pertenza a empresa e con lexitimación para formar parte da comisión negociadora do convenio colectivo de aplicación. A comisión estará conformada por unha persoa por cada un dos sindicatos que cumpran os ditos requisitos, e as decisións tomaranas as maiorías representativas correspondentes. En caso de non se conformar esta representación, a comisión estará integrada por tres traballadores da propia empresa, elixidos conforme o recollido no artigo 41.4 do Estatuto dos traballadores.

En calquera dos supostos anteriores, a comisión representativa deberá estar constituída no improrrogable prazo de 5 días.

b) O período de consultas entre a empresa e a representación das persoas traballadoras ou a comisión representativa prevista no punto anterior non deberá exceder o prazo máximo de sete días.

c) O informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, cuxa solicitude será potestativa para a autoridade laboral, emitirase no prazo improrrogable de sete días.

2. Para a tramitación dos expedientes de suspensión de contratos e redución de xornada que afecten os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais incluídos no réxime xeral da Seguridade Social ou nalgúns dos réximes especiais que protexan a continxencia de desemprego, será de aplicación o procedemento específico previsto no Real decreto 42/1996, do 19 de xaneiro, salvo no relativo ao desenvolvemento do período de consultas e ao informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que se rexerán polo previsto nas alíneas b) e c) do número anterior.

Artigo 24. Medidas extraordinarias en materia de cotización en relación cos procedementos de suspensión de contratos e redución de xornada por forza maior relacionados co COVID-19.

1. Nos expedientes de suspensión de contratos e redución de xornada autorizados con base na forza maior temporal vinculada ao COVID-19 definida no artigo 22, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social exonerará a empresa do aboamento da achega empresarial prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta, mentres dure o período de suspensión de contratos ou redución de xornada autorizado con base na dita causa, cando a empresa, en 29 de febreiro de 2020, tivese menos de 50 traballadores en situación de alta na Seguridade Social. Se a empresa ten 50 traballadores ou máis en situación de alta na Seguridade Social, a exoneración da obriga de cotizar alcanzará o 75 % da achega empresarial.

2. Esta exoneración non terá efectos para a persoa traballadora e manterase a consideración do dito período como efectivamente cotizado para todos os efectos, sen que resulte de aplicación o establecido no artigo 20 da Lei xeral da seguridade social.

3. A exoneración de cotas aplicará a Tesouraría Xeral da Seguridade Social por instancia do empresario, logo de comunicación da identificación dos traballadores e do período da suspensión ou redución de xornada. Para efectos do control da exoneración de cotas, será suficiente a verificación de que o Servizo Público de Emprego Estatal recoñeza a correspondente prestación por desemprego polo período de que se trate.

4. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social establecerá os sistemas de comunicación necesarios para o control da información trasladada pola solicitude empresarial, en particular a través da información de que dispón o Servizo Público de Emprego Estatal, en relación cos períodos de desfrute das prestacións por desemprego.

Artigo 25. Medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego en aplicación dos procedementos referidos nos artigos 22 e 23.

1. Nos supostos en que a empresa decida a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo polas causas previstas no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, con base nas circunstancias extraordinarias reguladas neste real decreto lei, o Servizo Público de Emprego Estatal e, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña, adoptarán as seguintes medidas:

a) Recoñecer o dereito á prestación contributiva por desemprego, regulada no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, ás persoas traballadoras afectadas, aínda que carezan do período de ocupación cotizada mínimo necesario para iso.

b) Non computar o tempo durante o cal se perciba a prestación por desemprego de nivel contributivo que teña a súa causa inmediata nas citadas circunstancias extraordinarias para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos.

2. Poderanse acoller ás medidas reguladas no número anterior, ademais das persoas traballadoras incluídas no artigo 264 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aquelas que teñan a condición de socias traballadoras de sociedades laborais e de cooperativas de traballo asociado que teñan previsto cotizar pola continxencia de desemprego.

Requirirase, en todos os casos, que o inicio da relación laboral ou societaria fose anterior á data de entrada en vigor deste real decreto lei.

3. As medidas previstas no número 1 serán aplicables ás persoas traballadoras afectadas tanto se no momento da adopción da decisión empresarial tivesen suspendido un dereito anterior á prestación ou subsidio por desemprego como se carecesen do período mínimo de ocupación cotizada para causar dereito a prestación contributiva, ou non percibisen prestación por desemprego precedente.

En todo caso, recoñecerase un novo dereito á prestación contributiva por desemprego coas seguintes especialidades respecto á contía e duración:

a) A base reguladora da prestación será a resultante de computar a media das bases dos últimos 180 días cotizados ou, na súa falta, do período de tempo inferior, inmediatamente anterior á situación legal de desemprego, traballados ao abeiro da relación laboral afectada polas circunstancias extraordinarias que orixinaron directamente a suspensión do contrato ou a redución da xornada de traballo.

b) A duración da prestación estenderase ata a finalización do período de suspensión do contrato de traballo ou de redución temporal da xornada de traballo das cales deriva.

4. A iniciación, instrución e resolución do procedemento de recoñecemento do dereito á prestación por desemprego axustaranse ao disposto na normativa legal e regulamentaria para os supostos de suspensión temporal do contrato ou de redución temporal da xornada derivados de causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou de forza maior.

5. No caso das persoas socias traballadoras de cooperativas ás cales se refire o número 2, a acreditación das situacións legais de desemprego exixirá que as causas que orixinaron a suspensión ou redución temporal da xornada fosen debidamente constatadas pola autoridade laboral competente, de acordo co procedemento regulado no Real decreto 42/1996, do 19 de xaneiro, polo que se amplía a protección por desemprego aos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado.

6. As prestacións por desemprego percibidas polos traballadores fixos discontinuos e por aqueles que realizan traballos fixos e periódicos que se repiten en datas certas, que visen suspendidos os seus contratos de traballo como consecuencia do impacto do COVID-19 durante períodos que, no caso de non ter concorrido a dita circunstancia extraordinaria, fosen de actividade, poderanse volver percibir, cun límite máximo de 90 días, cando se volvan encontrar en situación legal de desemprego. Para determinar o período que, de non ter concorrido esta circunstancia, tería sido de actividade laboral, terase en conta o efectivamente traballado polo traballador durante o ano natural anterior con base no mesmo contrato de traballo. No caso de ser o primeiro ano, teranse en conta os períodos de actividade doutros traballadores comparables na empresa. Esta medida aplicarase ao mesmo dereito consumido e será recoñecido de oficio pola entidade xestora cando o interesado solicite o seu restablecemento.

Artigo 26. Limitación temporal dos efectos da presentación extemporánea de solicitudes de prestacións por desemprego.

Durante o período de vixencia das medidas extraordinarias en materia de saúde pública adoptadas polas autoridades para combater os efectos da extensión do COVID-19 que comporten a limitación da mobilidade dos cidadáns ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos cuxa actuación afecte a xestión da protección por desemprego, o Servizo Público de Emprego Estatal e, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña suspenderán a aplicación do disposto nos artigos 268.2 e 276.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, de modo que a presentación das solicitudes de alta inicial ou restablecemento da prestación e do subsidio por desemprego realizada fóra dos prazos establecidos legalmente non implicará que se reduza a duración do dereito á prestación correspondente.

Artigo 27. Medidas extraordinarias relativas á prórroga do subsidio por desemprego e á declaración anual de rendas.

Durante o período de vixencia das medidas extraordinarias en materia de saúde pública adoptadas polas autoridades para combater os efectos da extensión do COVID-19

que comporten a limitación da mobilidade dos cidadáns ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos cuxa actuación afecte a xestión da protección por desemprego, o Servizo Público de Emprego Estatal e, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña poderán adoptar as seguintes medidas:

a) Suspende a aplicación do disposto no segundo parágrafo do artigo 276.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social e autoriza a entidade xestora para que poida prorrogar de oficio o dereito a percibir o subsidio por desemprego nos supostos suxeitos á prórroga semestral do dereito, para efectos de que a falta de solicitude non comporte a interrupción da percepción do subsidio por desemprego nin a redución da súa duración.

b) Suspende a aplicación do disposto no terceiro parágrafo do artigo 276.3, de modo que, no caso dos beneficiarios do subsidio para maiores de cincuenta e dous anos, non se interromperá o pagamento do subsidio e da cotización á Seguridade Social mesmo cando a presentación da preceptiva declaración anual de rendas se realice fóra do prazo establecido legalmente.

Artigo 28. Prazo de duración das medidas previstas no capítulo II.

As medidas recollidas nos artigos 22, 23, 24 e 25 deste real decreto lei estarán vixentes mentres se manteña a situación extraordinaria derivada do COVID-19.

CAPÍTULO III

Garantía de liquidez para soste a actividade económica ante as dificultades transitorias consecuencia da situación

I

Sección 1.^a Liña de avais para as empresas e autónomos para paliar os efectos económicos do COVID-19 e ampliación do límite de endebedamento neto do ICO

Artigo 29. Aprobación dunha liña para a cobertura por conta do Estado do financiamento outorgado por entidades financeiras a empresas e autónomos.

1. Para facilitar o mantemento do emprego e paliar os efectos económicos do COVID-19, o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital outorgará avais ao financiamento concedido por entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito, entidades de diñeiro electrónico e entidades de pagamentos a empresas e autónomos para atender as súas necesidades, derivadas, entre outras, da xestión de facturas, necesidade de circulante, vencementos de obrigacións financeiras ou tributarias ou outras necesidades de liquidez.

2. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá conceder avais por un importe máximo de 100.000 millóns de euros. As condicións aplicables e os requisitos que hai que cumprir, incluído o prazo máximo para a solicitude do aval, estableceranse mediante acordo do Consello de Ministros, sen que se requira desenvolvemento normativo posterior para a súa aplicación.

3. Os avais regulados nesta norma e as condicións desenvolvidas no acordo do Consello de Ministros cumprirán coa normativa da Unión Europea en materia de axudas de Estado.

Sección 2.^a Ampliación do límite de endebedamento neto do ICO co fin de aumentar os importes das liñas ICO de financiamento a empresas e autónomos

Artigo 30. Ampliación do límite de endebedamento neto do ICO co fin de aumentar as liñas ICO de financiamento a empresas e autónomos.

1. Amplíase en 10.000 millóns de euros o límite de endebedamento neto previsto para o Instituto de Crédito Oficial na Lei de orzamentos do Estado, co fin de facilitar liquidez adicional ás empresas, especialmente pemes e autónomos. Isto levarase a cabo

a través das liñas do ICO de financiamento mediante a intermediación das entidades financeiras tanto a curto como a medio e longo prazo, e de acordo coa súa política de financiamento directo para empresas de maior tamaño.

2. O ICO adoptará as medidas que sexan precisas, a través dos seus órganos de decisión, para flexibilizar e ampliar o financiamento dispoñible e mellorar o acceso ao crédito das empresas, preservando o necesario equilibrio financeiro previsto nos seus estatutos.

II

Artigo 31. *Liña extraordinaria de cobertura aseguradora.*

1. Con carácter extraordinario e cunha duración de 6 meses desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, autorízase a creación dunha liña de cobertura aseguradora de ata 2.000 millóns de euros con cargo ao Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización, coas seguintes características:

a) Serán elixibles os créditos de circulante necesarios para a compañía exportadora, sen que sexa necesario a súa relación directa con un ou con varios contratos internacionais, sempre que respondan a novas necesidades de financiamento e non a situacións previas á crise actual.

b) Beneficiarios: as empresas españolas consideradas como pequenas e medianas empresas conforme a definición do anexo I do Regulamento UE 651/2014 da Comisión, así como outras empresas de maior tamaño, sempre que sexan entidades non cotizadas, nas cales concorran as seguintes circunstancias:

– Que se trate de empresas internacionalizadas ou en proceso de internacionalización, ao cumprir ao menos un dos seguintes requisitos:

- empresas en que o negocio internacional, reflectido na súa última información financeira dispoñible, represente polo menos un terzo (33 %) da súa cifra de negocios, ou
- empresas que sexan exportadoras regulares (aquelas empresas que exportasen regularmente durante os últimos catro anos conforme os criterios establecidos pola Secretaría de Estado de Comercio).

– Que a empresa se enfrente a un problema de liquidez ou de falta de acceso ao financiamento resultado do impacto da crise do COVID-19 na súa actividade económica.

c) Quedan expresamente excluídas aquelas empresas en situación concursal ou pre-concursal, así como aquelas empresas con incidencias de impagamento con empresas do sector público ou débedas coa Administración, rexistradas con anterioridade ao 31 de decembro de 2019.

d) A porcentaxe de cobertura do risco de crédito nas operacións subscritas baixo a presente liña non superará o límite que se poida establecer en cada momento de acordo coa normativa da UE en materia de axudas de Estado.

2. Recorrerase a mecanismos áxiles de decisión das operacións individuais que se imputen na liña, e a análise do risco de cada operación realizarase, particularmente para as pequenas e medianas empresas, con criterios de información e solvencia extraordinarios, no marco das condicións do mercado xeradas pola crise sanitaria, mentres dure esta.

3. A liña instrumentarase en dous tramos de 1.000 millóns de euros, e o segundo entrará en vigor tras se verificar unha execución satisfactoria do primeiro tramo.

4. Autorízase a Comisión de Riscos por Conta do Estado para que inclúa dentro da liña de cobertura todo tipo de operacións comerciais, incluídas as nacionais, xa sexan de subministración de bens, prestación de servizos ou outras que realicen as empresas españolas, por entender que estas forman parte da estratexia comercial destas empresas que actúan preferentemente no ámbito da internacionalización.

5. As coberturas serán outorgadas pola Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación, S.A. Cía. de Seguros y Reaseguros (CESCE), S.M.E., en nome propio e

por conta do Estado, ao abeiro do previsto na Lei 8/2014, do 22 de abril, no Real decreto 1006/2014, do 5 de decembro, e do establecido neste real decreto lei.

6. Con carácter excepcional realizaranse as dotacións orzamentarias suficientes ao Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización, polo importe das indemnizacións aboadas con cargo a esta liña, para garantir a sustentabilidade financeira a medio e longo prazo do Fondo de Reserva dos Riscos da Internacionalización.

III

Artigo 32. *Atribución de competencias para o despacho alfandegueiro.*

O titular do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá acordar que o procedemento de declaración e o despacho alfandegueiro que aquel inclúe os realice calquera órgano ou funcionario da Área de Alfándegas e Impostos Especiais.

Para estes efectos, non resultará de aplicación o previsto no artigo 84 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 33. *Suspensión de prazos no ámbito tributario.*

1. Os prazos de pagamento da débeda tributaria previstos nos números 2 e 5 do artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os vencementos dos prazos e fraccións dos acordos de adiamento e fraccionamento concedidos, os prazos relacionados co desenvolvemento das poxas e adxudicación de bens a que se refiren os artigos 104.2 e 104.bis do Regulamento xeral de recadación, aprobado mediante o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e os prazos para atender os requirimentos, dilixencias de embargo e solicitudes de información con transcendencia tributaria, para formular alegacións ante actos de apertura do dito trámite ou de audiencia, ditados en procedementos de aplicación dos tributos, sancionadores ou de declaración de nulidade, devolución de ingresos indebidos, rectificación de erros materiais e de revogación, que non conclúsen no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, ampliaranse ata o 30 de abril de 2020.

Adicionalmente, no seo do procedemento administrativo de constrinximento, non se procederá á execución de garantías que recaian sobre bens inmobles desde a entrada en vigor deste real decreto lei e ata o día 30 de abril de 2020.

2. Os prazos previstos nos números 2 e 5 do artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os vencementos dos prazos e fraccións dos acordos de adiamento e fraccionamento concedidos, así como os prazos relacionados co desenvolvemento das poxas e adxudicación de bens a que se refiren os artigos 104.2 e 104.bis do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, ademais do establecido para atender os requirimentos, dilixencias de embargo, solicitudes de información ou actos de apertura de trámite de alegacións ou de audiencia que se comuniquen a partir da entrada en vigor desta medida, esténdense ata o 20 de maio de 2020, salvo que o outorgado pola norma xeral sexa maior, caso en que este resultará de aplicación.

3. Se o obrigado tributario, malia a posibilidade de acollerse á ampliación dos prazos dos puntos anteriores ou sen facer reserva expresa a ese dereito, atende o requirimento ou solicitude de información con transcendencia tributaria ou presenta as súas alegacións, considerarase efectuado o trámite.

4. O disposto nos puntos anteriores entenderase sen prexuízo das especialidades previstas pola normativa alfandegueira en materia de prazos para formular alegacións e atender requirimentos.

5. O período comprendido desde a entrada en vigor deste real decreto lei ata o 30 de abril de 2020 non computará para efectos da duración máxima dos procedementos de aplicación dos tributos, sancionadores e de revisión tramitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, ben que durante o dito período a Administración poderá impulsar, ordenar e realizar os trámites imprescindibles.

6. O período a que se refire o punto anterior non computará para efectos dos prazos establecidos no artigo 66 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, nin para efectos dos prazos de caducidade.

7. Só para os efectos do cómputo dos prazos previstos no artigo 66 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no recurso de reposición e nos procedementos económico-administrativos entenderanse notificadas as resolucións que lles poñan fin cando se acredite un intento de notificación da resolución entre a entrada en vigor do presente real decreto lei e o 30 de abril de 2020.

O prazo para interpor recursos ou reclamacións económico-administrativas fronte a actos tributarios, así como para recorrer en vía administrativa contra as resolucións ditadas nos procedementos económico-administrativos, non se iniciará ata concluído o dito período ou ata que se producise a notificación nos termos da sección terceira do capítulo II do título III da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, se esta última se producise con posterioridade a aquel momento.

8. Os prazos para atender os requirimentos e solicitudes de información formulados pola Dirección Xeral do Catastro que se encontren en prazo de contestación no momento da entrada en vigor deste real decreto lei amplíanse ata o 30 de abril de 2020.

Os actos de apertura de trámite de alegacións ou de audiencia comunicados a partir da entrada en vigor desta medida pola Dirección Xeral do Catastro terán de prazo para ser atendidos ata o 20 de maio de 2020, salvo que o outorgado pola norma xeral sexa maior, caso en que este resultará de aplicación.

Se o obrigado tributario, malia a posibilidade de acollerse á ampliación dos prazos dos puntos anteriores ou sen facer reserva expresa a ese dereito, atende ao requirimento ou solicitude de información con transcendencia tributaria ou presenta as súas alegacións, considerarase efectuado o trámite.

O período comprendido desde a entrada en vigor deste real decreto lei e ata o 30 de abril de 2020 non computará para efectos da duración máxima dos procedementos iniciados de oficio, ben que durante o dito período a Administración poderá impulsar, ordenar e realizar os trámites imprescindibles.

IV

Artigo 34. *Medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.*

1. Os contratos públicos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, celebrados polas entidades pertencentes ao sector público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, cuxa execución resulte imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, polas comunidades autónomas ou pola Administración local para combatelo, quedarán automaticamente suspendidos desde que se produza a situación de feito que impide a súa prestación e ata que a dita prestación se poida restablecer. Para estes efectos, entenderase que a prestación se pode restablecer cando, tendo cesado as circunstancias ou medidas que a viñesen impedindo, o órgano de contratación lle notifique ao contratista a fin da suspensión.

Cando, conforme o disposto no parágrafo anterior, a execución dun contrato público quede en suspenso, a entidade adxudicadora deberalle aboar ao contratista os danos e perdas efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, logo de solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía por parte do contratista. Os danos e perdas polos cales o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente aboase o contratista ao persoal que figurase adscrito, con data do 14 de marzo de 2020, á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva, relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugamentos ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipamentos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato que fosen subscritas polo contratista e estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

A aplicación do disposto neste punto só procederá cando o órgano de contratación, por instancia do contratista e no prazo de cinco días naturais, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo. Con esta finalidade, o contratista deberá dirixir a súa solicitude ao órgano de contratación e nela reflectirá as razóns polas cales a execución do contrato resultou imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipamentos adscritos á execución do contrato nese momento, e os motivos que imposibilitan que o contratista empregue os medios citados noutro contrato. As circunstancias que se poñan de manifesto na solicitude poderán ser obxecto de posterior comprobación. Transcorrido o prazo indicado sen terse notificado a resolución expresa ao contratista, esta deberase entender desestimatoria.

Non resultará de aplicación ás suspensións a que se refire o presente artigo o disposto no número 2.a) do artigo 208 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, nin tampouco o disposto no artigo 220 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Ademais, naqueles contratos públicos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva, cando ao vencer un contrato non se formalizase o novo contrato que garanta a continuidade da prestación como consecuencia da paralización dos procedementos de contratación derivada do disposto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e non se puidese formalizar o correspondente novo contrato, poderase aplicar o previsto no último parágrafo do artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia da data de publicación da licitación do dito novo expediente.

A suspensión dos contratos do sector público conforme este artigo non constituirá en ningún caso unha causa para a súa resolución.

2. Nos contratos públicos de servizos e de subministración distintos dos referidos no punto anterior, vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, celebrados polas entidades pertencentes ao sector público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, sempre e cando estes non perdesen a súa finalidade como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19, cando o contratista incorra en demora no cumprimento dos prazos previstos no contrato como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, polas comunidades autónomas ou pola Administración local para combatelo, e ofrezca o cumprimento dos seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial ou a prórroga en curso, o órgano de contratación concederallo e daralle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido polo motivo mencionado, a non ser que o contratista pida outro menor. O órgano de contratación concederalle ao contratista a ampliación do prazo, logo de informe do director de obra do contrato, onde se determine que o atraso non é por causa imputable ao contratista, senón que se produciu como consecuencia do COVID-19, nos termos indicados no parágrafo anterior. Nestes casos non procederá a imposición de penalidades ao contratista nin a resolución do contrato.

Adicionalmente, nos casos a que se refire este punto no seu primeiro parágrafo, os contratistas terán dereito ao aboamento dos gastos salariais adicionais en que efectivamente incorresen como consecuencia do tempo perdido con motivo do COVID-19, ata un límite máximo do 10 por 100 do prezo inicial do contrato. Só se procederá ao dito aboamento logo de solicitude e acreditación fidedigna da realidade, efectividade e contía dos ditos gastos por parte do contratista.

3. Nos contratos públicos de obras, vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, que celebren as entidades pertencentes ao sector público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, sempre e cando non perdesen a súa finalidade como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, e cando esta situación xere a imposibilidade de continuar a execución do contrato, o contratista poderá solicitar a súa suspensión desde que se producise a situación de feito que impide a súa prestación e ata que esta prestación se poida restablecer. Para estes efectos, entenderase que a prestación se pode restablecer cando, tendo cesado as circunstancias ou medidas que a viñesen impedindo, o órgano de contratación notifique ao contratista a fin da suspensión.

A aplicación do disposto neste punto só procederá cando o órgano de contratación, por instancia do contratista e no prazo de cinco días naturais, aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo. Con esta finalidade, o contratista deberá dirixir a súa solicitude ao órgano de contratación, e nela reflectirá as razóns polas cales a execución do contrato resultou imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipamentos adscritos á execución do contrato nese momento, e os motivos que imposibilitan que o contratista empregue os medios citados noutro contrato. Transcorrido o prazo indicado sen terse notificado a resolución expresa ao contratista, esta deberase entender desestimatoria.

Non resultará de aplicación ás suspensións a que se refire o este artigo o disposto no número 2.a) do artigo 208, nin no artigo 239 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, nin tampouco o disposto no artigo 220, nin no artigo 231 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

O disposto neste punto será de aplicación a aqueles contratos nos cales, de acordo co «programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra», estivese prevista a finalización do seu prazo de execución entre o 14 de marzo, data de inicio do estado de alarma, e durante o período que dure este, e como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado non poida ter lugar a entrega da obra. Nestes casos, o contratista poderá solicitar unha prórroga no prazo de entrega final sempre e cando ofrezca o cumprimento dos seus compromisos pendentes se se lle amplía o prazo inicial.

Unha vez acordada a suspensión ou ampliación do prazo, só serán indemnizables os seguintes conceptos:

1.º Os gastos salariais que efectivamente aboe o contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión.

Os gastos salariais que cómpre aboar, seguindo o VI Convenio colectivo xeral do sector da construción 2017-2021, publicado o 26 de setembro de 2017, ou convenios equivalentes pactados noutros ámbitos da negociación colectiva, serán o salario base referido no artigo 47.2.a do convenio colectivo do sector da construción, o complemento por discapacidade do artigo 47.2.b do referido convenio, e as gratificacións extraordinarias do artigo 47.2.b e a retribución de vacacións ou os seus conceptos equivalentes respectivos pactados noutros convenios colectivos do sector da construción.

Os gastos deberán corresponder ao persoal indicado que estivese adscrito á execución antes do 14 de marzo e continúe adscrito cando se restableza.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva, relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugamentos ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipamentos sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos da execución do contrato suspendido e o seu importe sexa inferior ao custo da resolución de tales contratos de alugamento ou mantemento de maquinaria, instalacións e equipamentos.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato que fosen subscribas polo contratista e estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

O recoñecemento do dereito ás indemnizacións e ao resarcimento de danos e perdas que se recolle neste artigo unicamente terá lugar cando o contratista adxudicatario principal acredite fidedignamente que se cumpren as seguintes condicións:

– Que o contratista principal, os subcontratistas, provedores e subministradores que contratou para a execución do contrato estivesen ao día no cumprimento das súas obrigacións laborais e sociais en data 14 de marzo de 2020.

– Que o contratista principal estivese ao día no cumprimento das súas obrigacións de pagamento aos seus subcontratistas e subministradores, nos termos previstos nos artigos 216 e 217 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, en data 14 de marzo de 2020.

4. Nos contratos públicos de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, celebrados polas entidades pertencentes ao sector público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, polas comunidades autónomas ou pola Administración local para combatelo darán dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

O dito reequilibrio en todo caso compensará os concesionarios pola perda de ingresos e polo incremento dos custos soportados, entre os cales se considerarán os posibles gastos adicionais salariais que efectivamente aboasen, respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato de concesión de obras ou de servizos mentres dure a situación de feito creada polo COVID-19. Só se procederá á dita compensación logo de solicitude e acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe dos ditos gastos por parte do contratista.

A aplicación do disposto neste punto so procederá cando o órgano de contratación, por instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo.

5. O disposto neste artigo tamén será de aplicación aos contratos, vixentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, celebrados por entidades do sector público con suxeición á Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais, ou ao libro I do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.

6. O previsto nos números 1 e 2 deste artigo non será de aplicación, en ningún caso, aos seguintes contratos:

a) Contratos de servizos ou subministración sanitaria, farmacéutica ou doutra índole, cuxo obxecto estea vinculado coa crise sanitaria provocada polo COVID-19.

b) Contratos de servizos de seguridade, limpeza ou de mantemento de sistemas informáticos.

c) Contratos de servizos ou subministración necesarios para garantir a mobilidade e a seguridade das infraestruturas e servizos de transporte.

d) Contratos adxudicados por aquelas entidades públicas que coticen en mercados oficiais e non obteñan ingresos dos orzamentos xerais do Estado.

O réxime previsto neste artigo enténdese sen prexuízo das medidas que poida adoptar o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana como autoridade competente designada no artigo 4 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para garantir as prestacións necesarias en prol da protección de persoas, bens e lugares. As ditas medidas poderán implicar, entre outras, unha modificación dos supostos nos cales procede a suspensión dos contratos.

V

Artigo 35. *Medidas financeiras dirixidas aos titulares de explotacións agrarias que subscribisen préstamos como consecuencia da situación de seca de 2017.*

1. Facilitarase que, de maneira voluntaria, os prestameiros de créditos financeiros concedidos a titulares de explotacións agrarias afectados pola seca do ano 2017, ao abeiro das ordes AAA/778/2016, do 19 de maio, APM/728/2017, do 31 de xullo, e APM/358/2018, do 2 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas á obtención de avais da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria, acorden coas entidades financeiras prolongar ata nun ano, que poderá ser de carencia, o período de amortización dos préstamos subscritos.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación financiará o custo adicional dos avais concedidos pola Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) derivado da ampliación do período da dita operación.

3. SAECA actuará como entidade colaboradora das subvencións no marco do convenio de colaboración suscrito para o efecto co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o cal asumirá a súa xestión íntegra, incluídos a xustificación e o control. A presentación da solicitude comportará a autorización a SAECA para requirir da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social información relativa ao cumprimento por parte do solicitante das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, sempre que non fose achegada a dita documentación polo propio solicitante. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación ditará resolución motivada á vista da proposta de resolución que remita SAECA. O período de admisión das solicitudes das axudas finalizará nun prazo de catro meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

CAPÍTULO IV

Medidas de apoio á investigación do COVID-19

Artigo 36. *Medidas laborais excepcionais no ámbito das entidades públicas integrantes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación.*

1. As entidades públicas integrantes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, cando teñan que desenvolver medidas excepcionais no ámbito da xestión da emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19, poderán establecer xornadas laborais extraordinarias para os seus traballadores e as súas traballadoras, que se compensarán economicamente a través do complemento de produtividade ou gratificacións extraordinarias.

2. De conformidade co establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, autorizaranse as entidades públicas integrantes do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación para realizaren contratos indefinidos e temporais, de acordo coa normativa vixente e cos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e concorrencia, para a execución de plans e programas públicos de investigación científica e técnica ou de innovación relacionados co coronavirus COVID-19, e os contratos indefinidos deberán ser financiados mediante consignacións orzamentarias anuais consecuencia de ingresos externos de carácter finalista. Os ditos contratos deberán ser comunicados aos ministerios de Facenda e Política Territorial e Función Pública.

Artigo 37. *Concesión de créditos extraordinarios no orzamento do Ministerio de Ciencia e Innovación en relación coa investigación científica no ámbito do coronavirus COVID-19.*

1. Autorízase a concesión dun crédito extraordinario na sección 28 «Ministerio de Ciencia e Innovación», servizo 06 «Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica», programa 000X «Transferencias internas», subconcepto 414.06 «Ao Instituto

de Saúde Carlos III (ISCIII), para necesidades excepcionais provocadas pola crise do coronavirus COVID-19», por importe de 950.000 euros.

2. Autorízase a concesión dun crédito extraordinario na sección 28 «Ministerio de Ciencia e Innovación», servizo 06 «Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica», programa 000X «Transferencias internas», concepto 715 «Ao Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII), para subvencións de concesión directa para proxectos e programas de investigación do coronavirus COVID-19», por importe de 24.000.000 de euros.

3. Autorízase a concesión dun crédito extraordinario na sección 28 «Ministerio de Ciencia e Innovación», servizo 06 «Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica», programa 000X «Transferencias internas», concepto 716 «Ao Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII), para necesidades excepcionais provocadas pola crise do coronavirus COVID-19», por importe de 250.000 euros.

4. A repercusión dos tres puntos anteriores no Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII) é a seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS:

A) Aplicación 28.107.400.04 «Do departamento por necesidades excepcionais provocadas pola crise do COVID-19», por importe de 950.000 euros.

B) Aplicación 28.107.700.03 «Do departamento para a concesión de subvencións nominativas para o COVID-19», por importe de 24.000.000 de euros.

C) Aplicación 28.107.700.04 «Do departamento por necesidades excepcionais provocadas pola crise do COVID-19», por importe de 250.000 euros.

ORZAMENTO DE GASTOS:

A) Aplicación 28.107.465A.131. «Laboral eventual», por importe de 130.000 euros.

B) Aplicación 28.107.465A.160.00. «Seguridade Social», por importe de 30.000 euros.

C) Aplicación 28.107.465A.221.06. «Produtos farmacéuticos e material sanitario», por importe de 700.000 euros.

D) Aplicación 28.107.465A.227.06. «Estudos e traballos técnicos», por importe de 70.000 euros.

E) Aplicación 28.107.465A.230. «Axudas de custo», por importe de 12.000 euros.

F) Aplicación 28.107.465A.231. «Locomoción», por importe de 8.000 euros.

G) Aplicación 28.107.465A.620. «Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos», por importe de 250.000 euros.

H) Aplicación 28.107.465A.787. «Para subvencións de concesión directa para proxectos e programas de investigación do virus SARS-CoV2, causante do COVID-19», por importe de 24.000.000 millóns de euros.

5. Autorízase a concesión dun crédito extraordinario na sección 28 «Ministerio de Ciencia e Innovación», servizo 06 «Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica», programa 000X «Transferencias internas», subconcepto 43009 «Ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), para gastos correntes relacionados coa investigación do coronavirus COVID-19», por importe de 390.000 euros.

6. Autorízase a concesión dun crédito extraordinario na sección 28 «Ministerio de Ciencia e Innovación», servizo 06 «Secretaría Xeral de Coordinación de Política Científica», programa 000X «Transferencias internas», subconcepto 73003 «Ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), para gastos de capital relacionados coa investigación do coronavirus COVID-19», por importe de 4.060.000 euros.

7. A repercusión dos puntos anteriores no Consello Superior de Investigacións Científicas é a seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS:

A) Aplicación 28.303.400.11. «Do departamento para todo tipo de gastos correntes relacionados coa investigación do coronavirus COVID-19», por importe de 390.000 euros.

B) Aplicación 28.303.700.06. «Do departamento para todo tipo de gastos de capital relacionados coa investigación do coronavirus COVID-19», por importe de 4.060.000 de euros.

ORZAMENTO DE GASTOS:

A) Aplicación 28.030.463A.221.99. «Outras subministracións», por importe de 390.000 euros.

B) Aplicación 28.107.463A.620. «Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos», por importe de 3.450.000 de euros.

C) Aplicación 28.107.463A.640. «Gastos de investimento de carácter inmaterial», por importe de 610.000 euros.

8. O financiamento dos anteriores créditos extraordinarios realizarase de conformidade co establecido no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 38. Regras relativas ás achegas monetarias efectuadas polo Instituto de Saúde Carlos III e polo Consello Superior de Investigacións Científicas para a investigación científica e técnica derivada da emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19.

1. Tendo en conta o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, non resultará de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a aquelas disposicións monetarias realizadas polo Instituto de Saúde Carlos III ou polo Consello Superior de Investigacións Científicas que se realicen no ámbito das medidas que resulten imprescindibles para desenvolver actividades de utilidade pública ou interese social conducentes á investigación científica e técnica derivada da emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19 e que se efectúen a favor de persoas públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, sen contraprestación directa dos beneficiarios.

2. As ditas achegas efectuaranse por resolución da persoa titular da Dirección do Instituto de Saúde Carlos III e da Presidencia do Consello Superior de Investigacións Científicas, respectivamente e en función do ámbito obxectivo das disposicións monetarias. Nas correspondentes resolucións deberase motivar a utilidade pública ou o interese social concorrente para a concesión das correspondentes axudas.

3. Os pagamentos terán, en todo caso, o carácter de anticipados, con carácter previo á realización e xustificación da actividade que motive a concesión.

4. En todo caso, as entidades beneficiarias de tales achegas monetarias deberán render conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto no prazo máximo dun ano desde a súa concesión. O dito prazo poderá ser prorrogado mediante resolución da Dirección do Instituto de Saúde Carlos III ou da Presidencia do Consello Superior de Investigacións Científicas, respectivamente.

5. Procederá o reintegro das cantidades percibidas polos beneficiarios nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

6. As entidades beneficiarias poderán subcontratar total ou parcialmente a actividade que constituía o obxecto da correspondente disposición monetaria, para os efectos de alcanzar o cumprimento dos obxectivos que a motivaron, logo de autorización en todo caso das entidades concedentes.

7. O Instituto de Saúde Carlos III e o Consello Superior de Investigacións Científicas poderán efectuar cantos labores de comprobación e control financeiro resulten precisos para garantir o adecuado cumprimento do previsto neste artigo.

8. As axudas concedidas serán obxecto de publicación na Base de datos nacional de subvencións.

9. As persoas titulares da Dirección do Instituto de Saúde Carlos III e da Presidencia do Consello Superior de Investigacións Científicas poderán ditar cantas disposicións resulten precisas para o desenvolvemento e a execución do disposto neste artigo.

CAPÍTULO V

Outras medidas de flexibilización

Artigo 39. *Réxime especial de convenios relacionados co COVID-19.*

1. Non resultarán de aplicación as disposicións contidas nos puntos 1 e 2, nas letras a), b) e c), do artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no Acordo do Consello de Ministros, do 15 de decembro de 2017, polo que se aproban as instrucións para a tramitación de convenios, na tramitación administrativa e subscrición dos convenios no ámbito da xestión da emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19.

2. Así mesmo, os convenios mencionados no punto anterior quedarán excluídos do establecido no número 8 do artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que se perfeccionarán e resultarán eficaces pola prestación do consentimento das partes, sen prexuízo da súa posterior inscrición no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación do sector público estatal e da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 40. *Medidas extraordinarias aplicables ás persoas xurídicas de dereito privado.*

1. Aínda que os estatutos non o previsen, durante o período de alarma as sesións dos órganos de goberno e de administración das asociacións, das sociedades civís e mercantís, do consello reitor das sociedades cooperativas e do padroado das fundacións poderanse celebrar por videoconferencia que asegure a autenticidade e a conexión bilateral ou plurilateral en tempo real con imaxe e son dos asistentes en remoto. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que estivesen constituídas. A sesión entenderase celebrada no domicilio da persoa xurídica.

2. Aínda que os estatutos non o previsen, durante o período de alarma os acordos dos órganos de goberno e de administración das asociacións, das sociedades civís e mercantís, do consello reitor das sociedades cooperativas e do padroado das fundacións poderanse adoptar mediante votación por escrito e sen sesión, sempre que o decida o presidente, e deberanse adoptar así cando o soliciten, polo menos, dous dos membros do órgano. A mesma regra será de aplicación ás comisións delegadas e ás demais comisións obrigatorias ou voluntarias que estean constituídas. A sesión entenderase celebrada no domicilio social. Será de aplicación a todos estes acordos o establecido no artigo 100 do Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil, aínda que non se trate de sociedades mercantís.

3. O prazo de tres meses contados desde o peche do exercicio social para que o órgano de goberno ou administración dunha persoa xurídica obrigada formule as contas anuais, ordinarias ou abreviadas, individuais ou consolidadas e, se for legalmente exixible, o informe de xestión, e para formular os demais documentos que sexan legalmente obrigatorios pola lexislación de sociedades, queda suspendido ata que finalice o estado de alarma e restablecerase de novo por outros tres meses contados desde esa data.

4. No caso de que, na data de declaración do estado de alarma, o órgano de goberno ou administración dunha persoa xurídica obrigada xa formulase as contas do exercicio anterior, o prazo para a verificación contable desas contas, se a auditoría for obrigatoria, entenderase prorrogado por dous meses contados desde que finalice o estado de alarma.

5. A xunta xeral ordinaria para aprobar as contas do exercicio anterior reunirse necesariamente dentro dos tres meses seguintes, contados desde que finalice o prazo para formular as contas anuais.

6. Se a convocatoria da xunta xeral se publicase antes da declaración do estado de alarma pero o día de celebración for posterior a esa declaración, o órgano de administración poderá modificar o lugar e a hora previstos para a celebración da xunta ou revogar o acordo de convocatoria mediante anuncio publicado cunha antelación mínima de corenta e oito horas na páxina web da sociedade; se a sociedade non ten páxina web, no «Boletín Oficial del Estado». No caso de revogación do acordo de convocatoria, o órgano de

administración deberá realizar unha nova convocatoria dentro do mes seguinte á data en que finalizase o estado de alarma.

7. O notario requirido para que asista a unha xunta xeral de socios e levante a acta da reunión poderá utilizar medios de comunicación a distancia en tempo real que garantan adecuadamente o cumprimento da función notarial.

8. Aínda que conorra causa legal ou estatutaria, nas sociedades de capital os socios non poderán exercer o dereito de separación ata que finalicen o estado de alarma e as súas prórrogas que, de ser o caso, se acorden.

9. O reintegro das achegas aos socios cooperativos que causen baixa durante a vixencia do estado de alarma queda prorrogado ata que transcorran seis meses contados desde que finalice o estado de alarma.

10. En caso de que, durante a vixencia do estado de alarma, transcorrese o termo de duración da sociedade fixado nos estatutos sociais, non se producirá a disolución de pleno dereito ata que transcorran dous meses contados desde que finalice o dito estado.

11. En caso de que, antes da declaración do estado de alarma e durante a vixencia dese estado, conorra causa legal ou estatutaria de disolución da sociedade, o prazo legal para a convocatoria por parte do órgano de administración da xunta xeral de socios, co fin de que adopte o acordo de disolución da sociedade ou os acordos que teñan por obxecto enervar a causa, suspéndese ata que finalice o dito estado de alarma.

12. Se a causa legal ou estatutaria de disolución acaece durante a vixencia do estado de alarma, os administradores non responderán das débedas sociais contraídas nese período.

Artigo 41. Medidas extraordinarias aplicables ao funcionamento dos órganos de goberno das sociedades anónimas cotizadas.

1. Excepcionalmente, durante o ano 2020 aplicaranse as seguintes medidas ás sociedades con valores admitidos a negociación nun mercado regulado da Unión Europea:

a) A obriga de publicar e remitir o seu informe financeiro anual á CNMV e o informe de auditoría das súas contas anuais poderase cumprir ata seis meses contados a partir do peche do exercicio social. O dito prazo estenderase a catro meses para a publicación da declaración intermedia de xestión e o informe financeiro semestral.

b) A xunta xeral ordinaria de accionistas poderase celebrar dentro dos dez primeiros meses do exercicio social.

c) O consello de administración poderá prever na convocatoria da xunta xeral a asistencia por medios telemáticos e o voto a distancia nos termos previstos nos artigos 182, 189 e 521 da Lei de sociedades de capital, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, así como a celebración da xunta en calquera lugar do territorio nacional, aínda que estas cuestións non estean previstas nos estatutos sociais. De a convocatoria xa se ter publicado na data de entrada en vigor deste real decreto lei, poderase prever calquera destes supostos nun anuncio complementario, que se deberá publicar polo menos cinco días naturais antes da data prevista para a celebración da xunta.

d) No suposto de que as medidas impostas polas autoridades públicas impedisen celebrar a xunta xeral no lugar e sede física establecidos na convocatoria e non se puidese facer uso da facultade prevista no punto anterior:

i) Se a xunta se constituíu validamente no dito lugar e sede, esta poderá acordar que continúe a celebración no mesmo día noutro lugar e sede dentro da mesma provincia, e establecerá un prazo razoable para o traslado dos asistentes.

ii) Se a xunta non se pode celebrar, a súa celebración en ulterior convocatoria poderá ser anunciada coa mesma orde do día e cos mesmos requisitos de publicidade que a xunta non celebrada, con polo menos cinco días de antelación á data fixada para a reunión.

Neste caso, o órgano de administración poderá acordar no anuncio complementario a celebración da xunta por vía exclusivamente telemática, é dicir, sen a asistencia física

dos socios ou dos seus representantes, sempre que se ofrezca a posibilidade de participar na reunión por todas e cada unha destas vías: (i) asistencia telemática; (ii) representación conferida ao presidente da xunta por medios de comunicación a distancia e (iii) voto anticipado a través de medios de comunicación a distancia. Calquera destas modalidades de participación na xunta poderá ser arbitrada polos administradores mesmo cando non estea prevista nos estatutos da sociedade, sempre e cando vaia acompañada de garantías razoables para asegurar a identidade do suxeito que exerce o seu dereito de voto. Os administradores poderán asistir á reunión, que se considerará celebrada no domicilio social con independencia de onde se encontre o presidente da xunta, por audioconferencia ou videoconferencia.

2. Excepcionalmente, e para os efectos do disposto no punto anterior, serán válidos os acordos do consello de administración e os acordos da comisión de auditoría sobre os cales, de ser o caso, se deba emitir informe previamente, cando sexan adoptados por videoconferencia ou por conferencia telefónica múltiple, aínda que esta posibilidade non estea recollida nos estatutos sociais, sempre que todos os conselleiros dispoñan dos medios necesarios para iso e o secretario recoñeza a súa identidade, o cal se deberá expresar na acta e na certificación dos acordos que se expida. En tal caso, a sesión considerárase única e celebrada no lugar do domicilio social.

Artigo 42. Suspensión do prazo de caducidade dos asentos do rexistro durante a vixencia do real decreto de declaración do estado de alarma.

Durante a vixencia do estado de alarma e, de ser o caso, das prórrogas que se poidan acordar, adoptaranse as seguintes medidas:

Primeira. Suspéndese o prazo de caducidade dos asentos de presentación, das anotacións preventivas, das mencións, das notas marxinais e de calquera outro asento rexistral susceptible de cancelación polo transcurso do tempo.

Segunda. O cómputo dos prazos restablecerase o día seguinte ao da finalización do estado de alarma ou da súa prórroga, de ser o caso.

Artigo 43. Prazo do deber de solicitude de concurso.

1. Mentres estea vixente o estado de alarma, o debedor que se encontre en estado de insolvencia non terá o deber de solicitar a declaración de concurso. Ata que transcorran dous meses contados desde a finalización do estado de alarma, os xuíces non admitirán a trámite as solicitudes de concurso necesario que se presentasen durante ese estado ou que se presenten durante eses dous meses. Se se presentase solicitude de concurso voluntario, este admitirase a trámite con preferencia, aínda que sexa de data posterior.

2. Tampouco terá o deber de solicitar a declaración de concurso, mentres estea vixente o estado de alarma, o debedor que comunicase ao xulgado competente para a declaración de concurso a iniciación de negociación cos acredores para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou un acordo extraxudicial de pagamentos, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, aínda que vencese o prazo a que se refire o punto quinto do artigo 5 bis da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición adicional primeira. Habilitación de créditos orzamentarios.

O Ministerio de Facenda dotará os créditos orzamentarios que resulten precisos para o adecuado cumprimento das medidas extraordinarias que requira a aplicación deste real decreto lei.

Disposición adicional segunda. Créditos orzamentarios.

As actuacións previstas financiaranse de conformidade co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e serán atendidas con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes. Para iso, o Ministerio de Facenda aprobará as modificacións orzamentarias correspondentes.

Disposición adicional terceira. *Exercicio de competencias dos órganos e unidades das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.*

O secretario de Estado da Seguridade Social e Pensións poderá autorizar que determinados órganos e unidades das entidades xestora e servizos comúns da Seguridade Social estendan o exercicio das súas competencias a todo o territorial nacional ou ao ámbito xeográfico que se estableza, respecto dos procedementos e actuacións que determine.

Disposición adicional cuarta. *Prórroga da vixencia do documento nacional de identidade.*

Sen prexuízo do que sobre o período de validez do documento nacional de identidade establece o Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica, queda prorrogada durante un ano, ata o día trece de marzo de dous mil vinte e un, a validez do documento nacional de identidade das persoas maiores de idade titulares dun documento que caduque desde a data de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A prórroga da validez do documento nacional de identidade permitirá que poidan renovarse, conforme o procedemento actual, os certificados recoñecidos incorporados a el por igual período.

Disposición adicional quinta. *Limitación á aplicación do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión, aos danos e perdas consecuencia da actual crise sanitaria.*

Aos danos e perdas persoais ou patrimoniais que sufran as persoas físicas ou xurídicas como consecuencia da actual crise sanitaria non lles será de aplicación o disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

Disposición adicional sexta. *Salvagarda do emprego.*

As medidas extraordinarias no ámbito laboral previstas neste real decreto lei estarán suxeitas ao compromiso da empresa de manter o emprego durante o prazo de seis meses desde a data de restablecemento da actividade.

Disposición adicional sétima. *Autorización ao Centro Nacional de Biotecnoloxía (CNB-CSIC).*

1. Autorízase o Centro Nacional de Biotecnoloxía (CNB-CSIC), dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas do Ministerio de Ciencia e Innovación, para desenvolver actividades de utilización confinada de tipo 3 de organismos modificados xeneticamente, en concreto, para a construción de virus recombinantes baseados no xenoma do coronavirus SARS-2 ou SARS-CoV-2019 na instalación xa autorizada A/ES/00/I-08, do Centro Nacional de Biotecnoloxía (CSIC).

2. O Centro Nacional de Biotecnoloxía (CNB-CSIC) desenvolverá as ditas actividades en estrito cumprimento da lexislación vixente na materia, das condicións e protocolos previstos na avaliación de risco que o dito instituto elaborou e sobre o cal a Comisión Nacional de Bioseguridade emitiu informe favorable, de acordo co Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 9/2003, do 25 de abril, así como daqueloutras condicións e requisitos que poida establecer a autoridade competente.

3. O presidente do Consello Interministerial de Organismos Modificados Xeneticamente poderá autorizar a realización de calquera actividade de liberación voluntaria e utilización confinada con organismos modificados xeneticamente, solicitada conforme a Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación

voluntaria e comercialización de OMX, cando teñan por obxecto ou se demostre a súa utilidade para previr, combater ou conter a epidemia do coronavirus provocada polo virus SARS-CoV-2019 (SARS-2), e sempre que emitise sobre ela informe favorable, por procedemento escrito, a Comisión Nacional de Bioseguridade, sen necesidade de esperar a finalización do prazo de comunicación e información pública, nos casos en que sexa preceptivo, de acordo co previsto no Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro. Os titulares da autorización desenvolverán as ditas actividades en estrito cumprimento das condicións previstas na avaliación de risco incluídas na súa notificación e sobre as cales emitise informe favorable a Comisión Nacional de Bioseguridade. Ademais, no caso de que se trate de actividades de utilización confinada, a actividade só se realizará en instalacións previamente autorizadas para ese nivel de risco ou superior, conforme a Lei 9/2003, do 25 de abril.

Disposición adicional oitava. *Plan Acelera.*

O Goberno disporá a inmediata posta en marcha, a través da entidade pública empresarial Red.es, do programa Acelera peme, co obxecto de articular un conxunto de iniciativas en colaboración co sector privado de apoio ás pemes no curto e medio prazo.

Disposición adicional novena. *Non aplicación da suspensión dos prazos administrativos do Real decreto 463/2020.*

Aos prazos previstos neste real decreto lei non lles será de aplicación a suspensión de prazos administrativos prevista na disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Disposición transitoria primeira. *Limitación á aplicación aos expedientes de regulación de emprego.*

1. Non se lles aplicarán as especialidades previstas no artigo 22, números 2 e 3, e no artigo 23 deste real decreto lei aos expedientes de regulación de emprego para a suspensión dos contratos de traballo ou para a redución de xornada iniciados ou comunicados antes da entrada en vigor deste e baseados nas causas previstas nel.

2. As medidas extraordinarias en materia de cotizacións e protección por desemprego reguladas nos artigos 24, 25, 26 e 27 serán de aplicación aos afectados polos procedementos de suspensión de contratos e redución de xornada comunicados, autorizados ou iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, sempre que deriven directamente do COVID-19.

Disposición transitoria segunda. *Comezo da moratoria.*

As solicitudes de moratoria a que se refire o artigo 12 poderanse presentar desde o día seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto lei. A dita solicitude supón a aplicación dos artigos 15 e 16 deste real decreto lei.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación de determinadas medidas do real decreto lei.*

O disposto no artigo 33 será de aplicación aos procedementos cuxa tramitación se iniciase con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Engádesse un novo número 23 ao artigo 45.I.B) do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, que terá a seguinte redacción:

«23. As escrituras de formalización das novacións contractuais de préstamos e créditos hipotecarios que se produzan ao abeiro do Real decreto lei 8/2020, do 17

de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, quedarán exentas da cota gradual de documentos notariais da modalidade de actos xurídicos documentados deste imposto.».

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia.*

Modifícase o número 2 do artigo 6 da Lei 11/2002, do 6 de maio, reguladora do Centro Nacional de Intelixencia, coa seguinte redacción:

«2. A Comisión estará presidida polo vicepresidente do Goberno que designe o seu presidente, e integrada polos vicepresidentes designados polo presidente do Goberno, as ministras de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, e de Defensa, o ministro do Interior e a ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, así como polo director do Gabinete da Presidencia do Goberno, o secretario de Estado de Seguridade e a secretaria de Estado directora do Centro Nacional de Intelixencia, que actuará como secretaria.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.*

Suprímese o artigo 41 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, que queda sen contido.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior.*

Modifícase a Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior, nos seguintes termos.

Un. Engádesse un artigo 7 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 7 bis. *Suspensión do réxime de liberalización de determinados investimentos estranxeiros directos en España.*

1. Para efectos do establecido neste artigo, considéranse investimentos estranxeiros directos en España todos aqueles investimentos realizados por residentes de países de fóra da Unión Europea e da Asociación Europea de Libre Comercio cando o investidor pase a ter unha participación igual ou superior ao 10 por 100 do capital social da sociedade española, ou cando, como consecuencia da operación societaria, acto ou negocio xurídico, se participe de forma efectiva na xestión ou no control da dita sociedade.

2. Queda suspendido o réxime de liberalización dos investimentos estranxeiros directos en España que se realicen nos sectores que se citan a continuación e que afectan a orde pública, a seguridade pública e a saúde pública.

En concreto, os sectores son os seguintes:

a) infraestruturas críticas, xa sexan físicas ou virtuais (incluídas as infraestruturas de enerxía, transporte, auga, sanidade, comunicacións, medios de comunicación, tratamento ou almacenamento de datos, aeroespacial, de defensa, electoral ou financeira, e as instalacións sensibles), así como terreos e bens inmoebles que sexan claves para o uso das ditas infraestruturas, entendendo por tales as recollidas na Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas.

b) Tecnoloxías críticas e produtos de dobre uso, tal como se definen no artigo 2, número 1, do Regulamento (CE) número 428/2009 do Consello, incluídas a intelixencia artificial, a robótica, os semicondutores, a ciberseguridade, as tecnoloxías aeroespaciais, de defensa, de almacenamento de enerxía, cuántica e nuclear, así como as nanotecnoloxías e biotecnoloxías.

c) Subministración de insumos fundamentais, en particular enerxía, entendendo por tales os que son obxecto de regulación na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, ou os referidos a materias primas, así como á seguridade alimentaria.

d) Sectores con acceso a información sensible, en particular a datos persoais, ou con capacidade de control da dita información, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

e) Medios de comunicación.

3. Así mesmo, queda suspendido o réxime de liberalización dos investimentos estranxeiros directos en España nos seguintes supostos:

a) Se o investidor estranxeiro está controlado directa ou indirectamente polo Goberno, incluídos os organismos públicos ou as forzas armadas, dun terceiro país; para efectos de determinar a existencia do referido control aplicaranse os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio.

b) Se o investidor estranxeiro realizou investimentos ou participou en actividades nos sectores que afecten a seguridade, a orde pública e a saúde pública noutro Estado membro, e especialmente os relacionados no número 2 deste artigo.

c) Se se abriu un procedemento, administrativo ou xudicial, contra o investidor estranxeiro noutro Estado membro ou no Estado de orixe ou nun terceiro Estado por exercer actividades delituosas ou ilegais.

4. O Goberno poderá suspender o réxime de liberalización dos investimentos estranxeiros directos en España naquéloutros sectores non recollidos no número 2 deste artigo, cando poidan afectar a seguridade pública, orde pública e saúde pública, de acordo co procedemento establecido no artigo 7 desta lei.

5. A suspensión do réxime de liberalización establecida de acordo cos números 2, 3 e 4 deste artigo determinará o sometemento das referidas operacións de investimento á obtención de autorización, de acordo co establecido no artigo 6 desta lei.

As operacións de investimento levadas a cabo sen a preceptiva autorización previa carecerán de validez e efectos xurídicos mentres non se produza a súa legalización de acordo co establecido no artigo 6 da lei.

6. A suspensión prevista neste artigo rexerá ata que se dite acordo do Consello de Ministros polo cal se determine o seu levantamento.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 8, que queda redactado como segue:

«2. Constituirán infraccións moi graves:

a) A realización de actos, negocios, transaccións ou operacións prohibidas en virtude da adopción das medidas a que se refiren os artigos 4 e 5.

b) A realización de actos, negocios, transaccións ou operacións sen solicitar autorización cando sexa preceptiva conforme os artigos 6, 7 e 7 bis, ou con carácter previo á súa concesión ou con incumprimento das condicións establecidas na autorización.

c) A falta de veracidade nas solicitudes de autorización presentadas ante os organismos competentes, sempre que se poida considerar como especialmente relevante.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 12, que queda redactado co seguinte teor:

«2. A competencia para a incoación e instrución dos procedementos sancionadores resultantes da aplicación do réxime previsto na lei e para a imposición das sancións correspondentes rexerá polas regras seguintes:

a) A competencia para a incoación e instrución dos procedementos sancionadores corresponderá á Secretaría da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, salvo en materia de investimentos estranxeiros directos en España, que corresponderá ao órgano que designe o titular da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos.

b) A imposición de sancións por infraccións moi graves corresponderá ao Consello de Ministros, por proposta do titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Non obstante, cando se trate de infraccións moi graves en materia de investimentos estranxeiros directos en España, a imposición de sancións corresponderá ao Consello de Ministros, por proposta do titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

c) A imposición de sancións por infraccións graves corresponderá ao titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, por proposta do titular da Secretaría de Estado de Economía.

No suposto de infraccións graves en materia de investimentos estranxeiros directos en España, a imposición de sancións corresponderá ao titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, por proposta do titular da Secretaría de Estado de Comercio.

d) A imposición de sancións por infraccións leves corresponderá ao titular da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, por proposta do órgano instructor.

No caso de infraccións leves en materia de investimentos estranxeiros directos en España, a imposición de sancións corresponderá ao titular da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Inversión, por proposta do órgano instructor.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.*

Modifícanse o título e o parágrafo segundo da disposición adicional centésimo trixésimo cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, que quedan redactados da seguinte maneira:

«Disposición adicional centésimo trixésimo cuarta. *Dotación do Fondo de Provisións Técnicas Rede Cervera e proxectos de I+D+I.*»

«A dotación do fondo destinarase a dar cobertura aos riscos en que poida incurrir o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI) ao financiar os proxectos de I+D+I empresarial de pemes e empresas de mediana capitalización, mediante axudas instrumentadas a través de préstamos.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do artigo 16 do Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19.*

«Artigo 16. *Contratación.*

1. A adopción de calquera tipo de medida directa ou indirecta por parte dos órganos da Administración xeral do Estado para faceren fronte ao COVID-19 xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata, ao abeiro do previsto no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

2. De acordo coa previsión establecida no parágrafo anterior, a todos os contratos que deban celebrar a Administración xeral do Estado ou os seus organismos públicos e entidades de dereito público para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas polo Consello de Ministros para facer fronte ao COVID-19 resultarlles de aplicación a tramitación de emerxencia. Nestes casos, se for necesario realizar aboamentos á conta por actuacións preparatorias que deba realizar o contratista, non será de aplicación o disposto respecto ás garantías na mencionada Lei 9/2017, e será o órgano de contratación quen determinará tal circunstancia en función da natureza da prestación

que se vaia contratar e da posibilidade de satisfacer a necesidade por outras vías. Da xustificación da decisión adoptada deberase deixar constancia no expediente.

3. O libramento dos fondos necesarios para facer fronte aos gastos que xere a adopción de medidas para a protección da saúde das persoas fronte ao COVID-19 realizarase a xustificar.»

Disposición derradeira sétima. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habíltanse o Goberno e as persoas titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira oitava. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.^a, 6.^a, 7.^a, 8.^a, 10.^a, 13.^a, 14.^a, 15.^a, 17.^a e 25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; lexislación mercantil; lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento por parte das comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan; réxime alfandegueiro; de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; facenda xeral; fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica; lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos por parte das comunidades autónomas, e bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira décima. *Vixencia.*

As medidas previstas neste real decreto lei manterán a súa vixencia durante o prazo dun mes desde a súa entrada en vigor, sen prexuízo de que, logo de avaliación da situación, o Goberno poida prorrogar a súa duración mediante real decreto lei. Non obstante o anterior, aquelas medidas previstas neste real decreto lei que teñen prazo determinado de duración suxeitaranse a el.

Dado en Madrid o 17 de marzo de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO

– Plan Acelera:

1. Medidas de apoio para acelerar o proceso de dixitalización das pemes desde o asesoramento e a formación.

O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, a través da entidade Red.es, porá en marcha un conxunto de iniciativas en colaboración co sector privado de apoio ás pemes no curto e medio prazo. En concreto:

– A creación do portal Acelera peme desde Red.es para que as pemes se poidan informar de todos os recursos que se poñan á disposición das pemes para a súa dixitalización e, en concreto, para aplicar solucións de teletraballo.

– Ampliación de sedes do programa de oficinas de transformación dixital, así como mellora dos servizos de asesoramento personalizado ás pemes e acompañamento no seu esforzo de dixitalización e posta en marcha de centros demostradores de solucións sectoriais, para alcanzar un total de 100 oficinas en 2 anos, multiplicando por 3 o número actual de sedes en funcionamento, 28 por todo o territorio. As oficinas poranse en marcha en colaboración coas cámaras de comercio e outros axentes públicos e privados.

– Lanzamento do programa Acelera peme-Talento para reforzar a formación das pemes en solucións e ferramentas para a dixitalización, en colaboración coas cámaras de comercio e outros axentes públicos e privados.

2. Medidas de apoio á creación de solucións tecnolóxicas para a dixitalización das pemes.

Desde Red.es porase en marcha unha liña de axudas que impulse o liderado empresarial en I+D+i das empresas dixitais españolas. O obxectivo é apoiar para xerar solucións, coñecementos, tecnoloxías e innovacións destinadas á mellora de procesos de dixitalización e crear de produtos e servizos tecnoloxicamente avanzados e de maior valor engadido que revertan no conxunto das pemes.

3. Medidas de apoio financeiro para a dixitalización das pemes.

O Estado poderá apoiar financeiramente, mediante o financiamento do Instituto de Crédito Oficial (ICO) para as pemes, a compra e *leasing* de equipamento e servizos para a dixitalización da peme e as solucións de teletraballo, coa mobilización nos próximos dous anos de máis de 200 millóns de euros.